





a forza de  
**Galicia**



**11**  
congreso  
nacional

25, 26 e 27 | xullo | 08


# Modelo de Partido e Estatutos Nacionais





## **Modelo de Partido**

**O PSdeG, a forza de Galicia**



## O PSdeG, A FORZA DE GALICIA

### UNHA ORGANIZACIÓN AO SERVIZO DE GALICIA

O Congreso Extraordinario celebrado en Ourense en 1998 marcou o inicio dunha nova etapa na historia do Partido dos Socialistas de Galicia cara a revitalización do noso proxecto político, a renovación das estruturas organizativas e a consecución do cambio político no Goberno de Galicia.

Os cambios realizados a partir do ano 1998 culminan coa chegada á Xunta de Galicia dos socialistas galegos e a elección de Emilio Pérez Touriño como Presidente da Xunta, rematando con moitos anos de goberno da dereita.

Os e as socialistas galegos asentamos ao longo destes anos a nosa praxe política nos valores do galeguismo e da socialdemocracia, o que nos permitiu sintonizar a nosa acción política de Partido cunha maioría de cidadáns que se foron sumando ao proxecto socialista.

O PSdeG é hoxe o partido que mellor representa os intereses e as aspiracións dos galegos e galegas, sendo a forza política que ten participado de xeito decisivo na construción do actual réxime de liberdades e dereitos, así como na consecución do autogoberno no noso País, coa entrada en vigor do Estatuto de Autonomía de Galicia no ano 1981.

A maioría dos cidadáns atopan xa no Partido Socialista a referencia política galega que mellor representa os ideais de xustiza social, solidariedade, igualdade e defensa dos intereses de Galicia como país, e que se recollen no noso compromiso co galeguismo cívico e co socialismo democrático.

Os e as socialistas galegos aspiramos a mellorar todos os días a nosa relación coa sociedade, fortalecendo as nosas estruturas organizativas, fomentando a participación política e abrindo o PSdeG aos novos e novas cidadás, que están comprometidos cos valores de progreso e socialismo.

### UN PARTIDO DE GOBERNO

O PSdeG é unha organización política cunha clara vocación maioritaria e de goberno que xa ten alcanzado importantes cotas de responsabilidade nos Concellos, nas Deputacións e no Goberno de España, e dende o 2005 na Xunta de Galicia.

Os e as socialistas galegos contemplamos a nosa organización coma un partido de goberno con vocación de servizo á sociedade galega, representando á maioría social do país na Administración Local, na Xunta de Galicia e no Goberno de España.

Nos últimos dez anos ten mudado de xeito significativo a presenza e participación do PSdeG na gobernación de Galicia, tanto no plano local como no autonómico.

Os e as socialistas galegos pasamos de gobernar en 1998 en 60 concellos, de ser oposición nas catro deputacións provinciais e terceira forza no parlamento de Galicia, a ser hoxe, dez anos despois, a organización política que sustenta a maior responsabilidade institucional nas administracións locais e na autonómica.

As eleccións autonómicas de 2005 outorgaron ao PSdeG a posibilidade de levar adiante o cambio político na Xunta de Galicia encabezando un goberno de coalición cos nacionalistas, o que nos sitúa como principal soporte da acción do goberno e da articulación da sociedade galega.

Os e as socialistas galegos despois de cumprir os obxectivos marcados en anteriores congresos, temos agora que adaptar as nosas estruturas organizativas e canles de coordinación internas á unha nova situación orixinada pola nosa supremacía institucional e as novas responsabilidades asumidas.

O Partido ten que reforzar a súa posición política e o seu protagonismo diante das responsabilidades nas institucións e dos retos que ten nas administracións públicas. Temos que incrementar a capacidade e os esforzos da organización socialista para acadar unha maior responsabilidade na coordinación das políticas estratéxicas do socialismo galego nas diferentes institucións, e entre estas e o propio Partido.

O noso modelo organizativo ten que ter voz propia. O partido, que dá soporte ao goberno da Xunta de Galicia, ten que ter a súa propia estratexia, a súa propia voz e a súa propia actividade.

O PSdeG-PSOE asume a importancia do compromiso da cidadanía coas ideas de progreso e coa organización do Partido. A organización considera moi enriquecedora a apertura á sociedade e a conexión con novos sectores sociais, pero á vez é consciente do aval político que implica o compromiso activo coa organización ao longo do tempo. A traxectoria dos afiliados e afiliadas na organización é posiblemente o mellor mecanismo para testar o compromiso e capacidade política do noso capital humano. O Partido asume a incorporación de cidadáns de vocación progresista ao proxecto socialista, complementando o papel fundamental que xogan os militantes do PSdeG no deseño e aplicación das políticas públicas dende a acción institucional.

O PSdeG deberá fortalecer o seu papel de apoio á acción de goberno e facer un seguimento da aplicación das políticas e o do cumprimento das resolucións políticas do Congreso Nacional e do Programa Electoral, instrumentos que definen o noso proxecto e acción política.

Neste sentido, o PSdeG, como partido de goberno, ten que buscar os apoios e a complicitade da maioría da sociedade para levar adiante a políticas socialdemócratas que contribúan á transformación social

Os e as socialistas galegos deberemos incrementar os nosos esforzos para coordinar as nosas políticas de goberno en todas as institucións, nos concellos e deputacións, na Xunta e no Estado. A tal efecto crearase un Consello Territorial que se encargará da coordinación institucional.

A nosa organización ten un compromiso municipalista que recoñece aos concellos como a primeira administración de referencia para os e as cidadás, sendo estes un claro expoñente, durante moitos anos, da acción política dos e das socialistas, con destacados exemplos de éxito na xestión pública.

Reforzaremos o traballo executivo municipal nas diferentes estruturas do Partido, co obxecto de incrementar a axuda e apoio ás políticas locais e á coordinación das mesmas, situando á FEGAMP como unha entidade de referencia, a través da que o PSdeG debe facer valer as súas posicións políticas e o seu peso institucional.

O PSdeG-PSOE é a organización política galega que mellor garante a aplicación de políticas de progreso para o conxunto da sociedade, traballando sempre, para ser o mellor instrumento de mediación entre a cidadanía, as institucións e a sociedade civil organizada.

O traballo político dos e das socialistas galegos deberá acompañar ás accións institucionais, reforzando as canles de coordinación cos representantes socialistas nos gobernos para difundir as políticas que estamos a facer cun maior esforzo para trasladar a nosa acción de goberno a todos os galegos e galegas.

## **O PSdeG, UN INSTRUMENTO ÚTIL PARA A SOCIEDADE GALEGA**

O PSdeG é hoxe unha organización máis forte e con maior implantación no seo da sociedade galega, pero é preciso seguir incrementando a nosa posición política no conxunto do territorio co obxectivo de facer que todos os e as cidadás poidan coñecer as nosas ideas, os nosos proxectos e poidamos ser a súa canle de expresión e participación na vida política e social de Galicia.

Os e as socialistas galegos marcámonos o obxectivo de conseguir ser un partido no que se involucre cada vez máis os distintos sectores da sociedade galega, sendo un instrumento útil par a vida dos cidadáns do noso país. O PSdeG é un proxecto de ideas, en permanente actualización e innovación, que quere servir a maioría da cidadanía galega.

Nos vindeiros anos traballaremos para ampliar as canles de participación, facendo posible que máis cidadáns e cidadás formen parte dun proxecto maioritario e central na política galega.

O proxecto dos e das socialistas galegos descansa nos valores do socialismo democrático e do galeguismo cívico, dende unha posición aberta pero comprometida coa xustiza social, co respecto ao medio natural e co impulso á construción dunha orde mundial xusta e solidaria, fundamentada no dereito e no respecto aos dereitos humanos, á diversidade cultural e relixiosa, laico e capaz de emocionar, falando dos problemas cotiáns e debuxando a sociedade do futuro.

Temos que conseguir aumentar o papel que debe xogar o noso Partido, fundamentado nun ideario sólido, nos valores progresistas, nos axentes sociais xeradores de opinión e na iniciativa social.

Traballaremos para potenciar as necesarias interlocucións e complicitades coa sociedade civil para manter unha relación de diálogo permanente e de proximidade.

Potenciaremos a participación activa e responsable de militantes e dirixentes socialistas en entidades da sociedade civil onde convivan sensibilidades políticas diversas.

O PSdeG deberá incrementar a súa presenza territorial co obxectivo de ter máis locais do Partido no conxunto do territorio, constituíndo esta unha oportunidade para divulgar os nosos proxectos e recoller as inquietudes e problemas da cidadanía.

Os cargos públicos socialistas incrementarán a súa presenza no territorio apoiando o labor político do Partido nas institucións, dando a coñecer o traballo dos e das socialistas de Galicia nos diferentes gobernos e escoitando as necesidades dos cidadáns.

O PSdeG impulsará a creación de Oficinas Parlamentarias nas diferentes comarcas do territorio e nas cidades, facilitando deste xeito unha relación de maior proximidade entre os representantes electos, o Partido no territorio e a cidadanía.

O PSdeG adecuará a súa estrutura orgánica seguindo as resolucións do 37º Congreso Federal, unha vez rematado o proceso electoral autonómico de 2009. As estruturas provinciais contarán con idéntica organización e competencias as estruturas provinciais xa existentes no resto das Federacións socialistas. Crearase tamén unha nova estrutura de coordinación política no ámbito comarcal.

## **ABRIR ESPAZOS PARA A MAIORÍA**

O PSdeG tense que abrir aos novos protagonistas que xurdiron no mundo globalizado económico e social, para incrementar unha base de apoio electoral, que xa é moi plural e que ten que sumar, dende sectores de traballadores tradicionais ata autónomos, profesionais e pequenos empresarios comprometidos con ideas progresistas.

Temos que ocupar a centralidade política, ser a referencia da maioría social do pobo galego. Isto leva consigo un esforzo de integración dalgúns sectores sociais que tradicionalmente non atoparon no Partido Socialista a súa referencia política, ben por descoñecemento da nosa acción política ou polas nosas propias dificultades para dar respostas ás súas inquietudes e demandas.

Abriremos novos espazos de encontro e reflexión que permitan a incorporación ao noso proxecto e ao Partido a aquelas persoas progresistas comprometidas co cambio político en Galicia.

Os e as socialistas galegos continuaremos co esforzo de incorporar a unha nova xeración, a do "baby-boom" dos 70, co obxectivo de construír un Partido plenamente interxeracional que facilite a incorporación dunha nova xeración, que a miúdo amosa pautas de participación política menos intensas que outras anteriores.

Esta nova xeración de galegas e galegos, ben formada, sen complexos identitarios, e con relacións persoais e afectivas diversas e plurais, son un bo exemplo dos retos presentes e futuros do noso país: a aposta por unha sociedade do coñecemento e a nosa posición estratéxica no mundo.

Especial fincapé faremos en incrementar a militancia das mulleres no PSdeG, promovendo a súa participación política en igualdade real de condicións. As mulleres son cada vez máis protagonistas da vida política, económica e social, e iso tamén ten que ter un reflexo na militancia socialista.

O PSdeG fomentará, xunto coas XSG, novos espazos de contacto e relación coa mocidade cun discurso propositivo, onde teña cabida a relación directa cos interlocutores, a crítica constructiva e o recoñecemento do seu papel como motor de cambios sociais.

Como Partido non podemos esquecer o importante papel que xogan as Xuventudes Socialistas de Galicia á hora de trasladar a mensaxe socialista á mocidade galega. Froito dese recoñecemento impulsaremos o fortalecemento das XSG, para reforzar á organización xuvenil socialista como ferramenta eficaz e útil para estender o socialismo no conxunto do territorio.

## AS RELACIÓNS COA SOCIEDADE E A COMUNICACIÓN

O PSdeG cre nunha sociedade articulada, heteroxénea, viva, e comprometida coa construción da nosa contorna. Cremos no compromiso cívico e a participación activa e crítica da cidadanía, organizada ou de xeito individual.

A credibilidade dos partidos e do sistema político depende en gran medida da nosa capacidade para transmitir ilusión, para xerar confianza e sinerxías, e para que se nos vexa como algo non alleo á cotidianidade, falando nunha linguaxe comprensible, sinxela e directa.

Os e as socialistas temos que valorar os cambios acontecidos nos mecanismos clásicos de participación, xa que froito do crecente individualismo na nosa sociedade, cidades e pobos, atopámonos con dificultades para aplicar os mecanismos clásicos de participación e consenso á hora de acordar os proxectos a desenvolver.

Os e as socialistas sempre defendemos a agrupación de persoas para calquera cuestión que sexa do interese colectivo e que, ofrecendo servizos á comunidade, complete a oferta que desde as diferentes administracións se fan á cidadanía.

Temos que reforzar os vínculos coa cidadanía, como colaboradora na consolidación de valores imprescindibles en calquera sociedade libre e democrática.

Agora ben, non podemos ser alleos a unha nova realidade, cada vez máis emerxente, o Aquí Non!, noutros países é coñecido como NIMBY (Not in My Back Yard), non no meu patio traseiro. Falamos da aparición crecente de plataformas ou sinxelamente activistas individuais que se opoñen á realización de proxectos colectivos en determinados emprazamentos.

Temos que ser capaces de atopar o equilibrio nas relacións con estes "dous mundos". Sen deslexitimar e convivindo con outras organizacións. Temos que ser capaces de coñecer a realidade da sociedade, para así, non tomar decisións de acción de Goberno que non estean en consonancia cos problemas reais, temos que potenciar un desenrolo sostido á sociedade civil organizada; ter capacidade de anticipación á xeración de conflitos con mecanismos que nos permitan detectar, antes de que se produzan, os intereses que poden desestabilizar e/ou pór en cuestión a acción de goberno.

## As redes sociais e as novas tecnoloxías da información e a comunicación

O PSdeG ten avanzado substancialmente na definición e modernización da súa imaxe externa nos últimos anos, cumprindo as resolucións dos pasados procesos congressuais.

A comunicación social ten experimentado grandes cambios nos últimos tempos sendo preciso un impulso ao sistema de comunicación externa do Partido, así como un fortalecemento das ferramentas internas que permitan unha mellor utilización da información e das mensaxes políticas.

Na era da sociedade do coñecemento, a rede xoga un papel fundamental que transformou as formas de produción, de organización do traballo e ata das relacións humanas e por iso dende o PSdeG imos afondar no traballo en rede, favorecendo a fluidez na transmisión da información e incrementando os recursos internos para facer máis eficaz a nosa tarefa social e política.

O PSdeG seguirá apostando polas novas tecnoloxías da información e a comunicación, favorecendo non só a chegada da nosa mensaxe a máis cidadáns, senón tamén incrementando as posibilidades de contacto directo dos cidadáns co Partido e cos representantes e cargos públicos socialistas.

A sociedade galega evolucionou, e o PSdeG ten a responsabilidade de responder aos cambios que se produciron nos últimos anos. O Partido experimentou novas formas de militancia que son referencia noutros países do noso contorno. A importancia crecente da rede fai que cada vez máis cidadáns participen politicamente a través dela. O Partido dos Socialistas de Galicia tratou de canalizar a participación dos cidadáns que se dirixiron ao PSdeG ben para facer unha consulta, ben para expresar unha opinión, ben para ser verdadeiros axentes electorais do partido. Estamos claramente ante unha nova forma de activismo político. O certo, é que existe unha nova forma de militancia política, distinta á tradicional, compatible e complementaria dela. Temos vocación de partido líder en canto a ferramenta de participación política e á vangarda no noso proxecto político e na nosa forma de traballar. O PSdeG impulsará a figura do cibermilitante de xeito coordinado coa estrutura federal socialista.

Os e as socialistas galegos incrementaremos os nosos esforzos para mellorar a nosa presenza en Internet, non só dende un punto de vista estático senón fomentando activamente a participación dos nosos militantes nas redes sociais existentes, e favorecendo a participación social e política de moitos cidadáns que simpatizan co Partido que colaboran con nós a través da rede en campañas electorais e fóra delas.

### A política 2.0, un reto para o PSdeG

A aparición da Web 2.0 supuxo un cambio no espazo público: miles de cidadáns e cidadás opinan, dialogan, debaten e participan na denominada "gran conversación". A Web 2.0 amplía os espazos de participación e comunicación e ponse ao alcance de todo o mundo. O gran cambio é a superación de intermediarios, deixa de haber uns poucos emisores de información e opinión. É clave a participación das persoas con responsabilidades neste espazo.

O PSdeG apostará pola presenza na blogosfera afrontando a política 2.0 con todas as súas implicacións, é dicir, implicando aos responsables executivos e aos cargos públicos na relación directa cos cidadáns a través de espazos propios na rede e fomentando tamén lugares de información debate e opinión. Favorecerase a creación de foros de debate, así como cursos específicos sobre a política 2.0; así mesmo promoverase a creación dunha rede de cibermilitancia, que serva como foro de opinión a ter en conta pola CENG no referente á política 2.0 e novas tecnoloxías aplicadas á política.

A política 2.0 non é só escoitar, senón que permite a construción de programas en relación e a partir das persoas. As persoas teñen un protagonismo máis importante. Quérese coñecer o que opina cada responsable político. Permite construír a rede social e conformar novos espazos de encontro, debate e información facilitando o activismo político e unha mellor optimización dos recursos e das mensaxes.

## A FORMACIÓN, UNHA APOSTA DE PRESENTE E FUTURO

A formación é unha ferramenta imprescindible nun partido de esquerdas para promover o debate ideolóxico, e achegar á sociedade as políticas públicas que defendemos dende a socialdemocracia e o galeguismo.

Para garantir a transmisión dos valores do socialismo democrático á sociedade é fundamental seguir apostando pola formación das/os nosas/os afiliadas/os, con carácter xeral, e dos nosos cargos públicos, en particular.

O PSdeG fará da formación dos seus cargos públicos e militantes unha prioridade durante os vindeiros anos, vinculando os valores socialistas ao pensamento por medio da formación e desenvolvendo un constante traballo de estudo e actualización das políticas públicas adaptadas ás novas realidades sociais.

Impulsaremos a creación dunha Escola de Formación que sexa un instrumento útil para a planificación das actividades formativas e o desenvolvemento da investigación social e o traballo conxunto cos movementos sociais de carácter progresista e galeguista.

Fomentaremos a colaboración do PSdeG coas universidades galegas e cos centros de pensamento e estudo de carácter progresista existentes en Galicia co obxecto de estimular a participación bidireccional de simpatizantes e militantes na conformación das nosas políticas e da actualización do noso discurso ideolóxico.

O PSdeG recoñece a imprescindible contribución das universidades galegas e os centros de pensamento e estudo progresistas na guía, o deseño ou a proposta tanto das novas vías ideolóxicas ou programáticas polas que camiñamos, como das novas políticas públicas que aplicámonos en todos os niveis de responsabilidade. Consecuencia da súa valiosa achega en forma tanto de recursos humanos como inmateriais, o PSdeG abrirá canles, tamén, cara a estas universidades e estes centros de pensamento. O Comité Nacional Galego (CNG) decidirá finalmente, en todo caso, a natureza e os límites da relación do PSdeG con estas Universidades e Centros.

O PSdeG impulsará nos vindeiros catro anos un programa de formación dirixido a fortalecer o traballo en rede no seo da organización e a incrementar a formación específica dos nosos cargos públicos municipais e militantes.

Na elaboración das propostas de formación e na incorporación de mozos e mozas á Escola de Formación do PSdeG contarase coa participación e a colaboración das XSG.





# Estatutos Nacionais



# ÍNDICE

<b>DISPOSICIÓN XERAIS</b> .....	<b>13</b>
Capítulo I. Principios Organizativos Comúns .....	13
Capítulo II. Procedemento de Elección dos Órganos do Partido .....	14
<b>TITULO I. AFILIADOS E AFILIADAS</b> 15	
Capítulo I. Afiliados e Afiliadas .....	15
Capítulo II. Militantes .....	16
Capítulo III. Simpatizantes .....	17
<b>TITULO II. ASOCIACIÓN E COLECTIVOS</b> .....	<b>18</b>
<b>TITULO III. ESTRUCTURA XERAL DO PARTIDO</b> .....	<b>19</b>
Capítulo I. Estructura Territorial do Partido .....	19
Capítulo II. Agrupacións Municipais .....	19
Capítulo III. Agrupacións Comarcais .....	21
Capítulo IV. Consellos Provinciais .....	24
Capítulo V. Organizacións Sectoriais .....	25
<b>TITULO IV. ORGANOS NACIONAIS DO PARTIDO</b> .....	<b>27</b>
Capítulo I. Congreso Nacional Galego .....	27
Capítulo II. Comité Nacional Galego .....	29
Capítulo III. Comisión Executiva Nacional Galega .....	31
Capítulo IV. Consello Territorial .....	34
Capítulo V. Comisión Nacional de Listas .....	35
Capítulo VI. Comisión Nacional de Ética .....	35
Capítulo VII. Declaración de Bens e Actividades .....	35
Capítulo VIII. Expedientes Disciplinarios .....	36
Capítulo IX. Conferencias .....	36
<b>TITULO V. ADMINISTRACION E PATRIMONIO DO PARTIDO</b> .....	<b>37</b>
Capítulo I. Dos Poderes .....	37
Capítulo II. Do Patrimonio do Partido .....	37
Capítulo III. Elaboración dos Presupostos .....	37
Capítulo IV. Financiación, Gasto e Contabilidade .....	37
Capítulo V. Cotas .....	38
<b>TITULO VI. PROCEDEMENTOS ELECTORAIS</b> .....	<b>39</b>
<b>TITULO VII. CARGOS PÚBLICOS DO PARTIDO</b> .....	<b>40</b>
<b>TITULO VIII. GRUPO PARLAMENTARIO DO PSdeG</b> .....	<b>41</b>
<b>TITULO IX. XUVENTUDES SOCIALISTAS DE GALICIA</b> .....	<b>42</b>
<b>DISPOSICIÓN ADICIONAIS, TRANSITORIAS E FINAIS</b> .....	<b>43</b>

## DISPOSICIÓN XERAIS

### CAPÍTULO I. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS COMÚNS

**Artigo 1.** A denominación do Partido é a de Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, as súas siglas son as de PSdeG-PSOE. Os seus emblemas son a zafra, o tinteiro, a pluma e o libro; e, dous cubos vermellos coas siglas PSdeG e PSOE, e o puño e a rosa en branco dentro de cada un deles.

**Artigo 2.** O Partido dos Socialista de Galicia é unha organización política galega, da clase traballadora e dos homes e mulleres que loitan contra todo tipo de explotación, aspirando a transformar a sociedade para convertela nunha sociedade libre, igualitaria, plural, solidaria e en paz que loita polo progreso dos pobos.

O Partido recolle as diferentes correntes de pensamento socialista e respecta a liberdade de ideas e de expresión de todos os seus membros no seu seo.

O Partido dos Socialistas de Galicia está integrado de xeito federal no PSOE, con autonomía para desenvolver o seu labor no País Galego e na Galicia Emigrada, e configúrase como un instrumento de desenvolvemento da personalidade da nosa nacionalidade e defensa dos seus intereses.

Os seus obxectivos e programas, baseados na defensa dos intereses xerais de Galicia, da súa cultura, lingua e identidade, dende a cooperación e solidariedade cos demais pobos de España, son os fixados na súa declaración de principios e nas resolucións dos seus congresos.

**Artigo 3.** A organización do Partido inspírase nos seguintes principios:

1. A democracia como forma de participación e corresponsabilidade dos e das militantes na vida do Partido.
2. O respecto á liberdade de conciencia e á liberdade de expresión no seo do Partido.
3. A opción decidida pola igualdade dos homes e mulleres, garantindo a democracia paritaria na confección das listas.
4. A unidade do Partido descansa, esencialmente, na unidade de pensamento fundamental que se contén no seu Programa Máximo, nas Resolucións dos Congresos e na unidade de acción dos seus militantes cara á sociedade.
5. Corresponde aos órganos que representan a toda a Organización, en cada un dos niveis, decidir e fixar, dentro das súas competencias, a posición do PSdeG-PSOE así como marcar as directrices que levarán adiante.
6. O debate político permanente e interno como instrumento para afondar na formación e capacitación política dos seus militantes, para o coñecemento e síntese das diferentes opinións e para a adopción de decisións.
7. O cumprimento das decisións adoptadas polos órganos competentes do Partido.
8. Garántese a total liberdade de discusión interna, tanto individual como a través das diferentes correntes de opinión que poderán expresarse mediante os distintos ámbitos da Organización e polos cauces establecidos nestes Estatutos. Non se permitirá a formación de tendencias organizadas.

**Artigo 4.** As Correntes de Opinión constituiranse exclusivamente no ámbito Federal.

Considerarase Corrente de Opinión o conxunto de afiliados e afiliadas que participa dos mesmos criterios políticos, dentro do respecto aos Estatutos, Programas e decisións dos órganos de Goberno do Partido, desenvolvendo a súa actividade no seo do Partido.

As Correntes de Opinión deberán poñer en coñecemento dos órganos executivos as súas actuacións, e moi en particular a documentación froito da súa reflexión e traballo.

As reunións deberán realizarse nos locais do Partido. Os afiliados e afiliadas que participan nos traballos dunha corrente de opinión coidarán de que non trascenda ao exterior da Organización expresións contrarias ás resolucións dos Congresos e demais órganos de dirección.

## **CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DO PARTIDO**

**Artigo 5.** Os órganos de representación serán elixidos de acordo ós seguintes criterios:

### **5.1.** Elección de órganos Executivos

**a)** As Comisións Executivas Municipais e Locais serán elixidas polo sistema de voto maioritario.

**b)** As Comisións Executivas Provinciais e Nacional serán elixidas polo seguinte sistema:

- Elección do Secretario/a Xeral mediante voto individual, directo e secreto de todos/as os/as Delegados/as do Congreso Provincial ou Nacional. A presentación de candidaturas á Secretaría Xeral debe contar co aval, entre un mínimo do 20% e un máximo do 30% dos/as delegados/as ao Congreso.

- Elección das Comisións Executivas Provinciais ou Nacional mediante o sistema maioritario a proposta do/a Secretario/a Xeral electo.

As substitucións producidas entre congresos, a proposta do/a Secretario/a Xeral, serán igualmente aprobadas pola CENG e informadas ao CNG.

### **5.2.** Elección de Delegados/as aos Congresos, Comités e Conferencias

Os delegados e Delegadas aos Congresos, os Participantes nas Conferencias Políticas e os membros dos Comités Provinciais, Nacionais e Federais serán elixidos en listas completas, pechadas, e bloqueadas.

No suposto de que existan dúas listas, a minoría que obteña como mínimo un 20 por 100 dos votos válidos terá unha representación proporcional a estes.

En todo caso a lista que obteña a maioría terá dereito á metade máis un dos delegados a elixir.

No suposto de que existan máis de dúas listas e ningunha obteña a maioría, a máis votada terá dereito a unha representación da metade máis un dos cargos a elixir, repartíndose o resto proporcionalmente entre as demais candidaturas que teñan superado o 20 por 100.

## TÍTULO I. AFILIADOS E AFILIADAS

### CAPÍTULO I. AFILIADOS E AFILIADAS

**Artigo 6.** Poderán adquirir a condición de afiliados e afiliadas do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE os cidadáns e cidadás maiores de dezoito anos que manifesten a súa vontade de colaborar e participar nas actividades do Partido. A condición de afiliado ou afiliada, ben como militante ou simpatizante adquirese por medio da inscrición no censo correspondente.

Poderán tamén afiliarse como simpatizantes os/as cidadáns/ás doutros países residentes en Galicia que non teñan adquirida a nacionalidade española.

**Artigo 7.** Dereitos e deberes dos/as afiliados/as.

1. Son dereitos de todos os/as afiliados/as (militantes e simpatizantes):

- a) O dereito a recibir da Organización a formación política ou técnico-política que mellor permita colaborar na loita polo socialismo e no éxito da Organización nas tarefas que lle sexan encomendadas.
- b) O dereito a recibir a través das canles orgánicas información sobre as decisións adoptadas polos órganos do Partido nos distintos niveis, e en xeral sobre todas aquelas cuestións que afecten á vida interna do Partido, á súa proxección externa e á súa actividade institucional.
- c) O dereito a realizar manifestacións públicas, xuízos de valor e expresión de opinións, de xeito libre, leal e responsable cos únicos límites do respecto á dignidade das persoas, así como ás resolucións e acordos democraticamente adoptados polos órganos do partido, no marco das súas competencias estatutarias.
- d) O dereito a participar nunha Organización Sectorial.

2. Son deberes de todo os/as afiliados/as, (militantes e simpatizantes):

- a) O sentido da responsabilidade no traballo e en cantos ámbitos desenvolva a súa actividade.
- b) A defensa activa dos intereses xerais da Organización, a Declaración de Principios, Programas, Resolucións e Estatutos aprobados polos seus Congresos, así coma os acordos lexitimamente emanados dos seus órganos de dirección non podendo pertencer a outra organización política diferente.
- c) O acatamento a cantas resolucións sexan ditadas polos órganos competentes no marco da súa actividade regulamentada e coas formalidades precisas.
- d) A aportación dos seus coñecementos a cantos órganos e institucións do Partido llo demanden.
- e) Ser interventor/a ou Apoderado/a nos diferentes procesos electorais.

**Artigo 8.** Os afiliados e afiliadas do Partido deberán actuar nalgún movemento social. No caso de actuar sindicalmente deberán de facelo, preferentemente, na Unión General de Traballadores (UGT).

Na súa acción social ou sindical deberán aplicar e defender a estratexia do Partido, decidida polos órganos competentes do mesmo en cada caso.



**Artigo 9.** O afiliado ou afiliada que observe mala conduta cívica ou ética, falle ao programa ou aos acordos ou resolucións do Partido, exprese publicamente as súas opinións en termos irresponsables ou con deslealdade ao Partido ou aos seus afiliados e afiliadas, cometa actos de indisciplina, inxurie ou calumnie a algunha persoa afiliada, ou de calquera outra forma viole as obrigas que a todos os afiliados e afiliadas do Partido impoñen os presentes estatutos, será sancionado, previos todos os trámites regulamentarios e mediante decisión dos órganos competentes, con medidas que poderán chegar ata a expulsión, en aplicación das normas internas vixentes.

**Artigo 10.** Os afiliados e afiliadas do Partido non poden prestar o seu apoio ou participación a manifestacións, a actos ou calquera outra iniciativa política promovida por outras organizacións expresamente prohibidas polos órganos do Partido ou que a convocatoria encerre contradicións coas resolucións do Comité Nacional e/ou Congresos do Partido.

## CAPÍTULO II. MILITANTES

**Artigo 11.** As persoas que desexen integrarse no Partido asumindo todos os compromisos e obrigas políticas e económicas, que emanan dos estatutos e órganos de dirección e control do PSdeG, estarán vinculadas a el na condición de militantes

### 1. Son dereitos de cada militante:

- a) O dereito a formar parte dos grupos socialistas que se formen ou existan e á libre expresión de ideas ou iniciativas no seu seo.
- b) O dereito de discusión e crítica sobre posicións políticas propias e alleas mediante a libre expresión oral ou escrita e a súa libre comunicación dentro do Partido.
- c) O dereito a ser candidato/a e elector/a en cantos procesos electorais internos e externos se plantexen, sen veto ou reparo algún que supoña discriminación ou vantaxe, salvo as limitacións que os Estatutos dispoñan. Será condición necesaria para exercer este dereito estar ao corrente das cotizacións.
- d) O dereito ao control político dos elixidos e responsables, baseado nunha información veraz, na libre expresión, o respecto ás persoas e a suxeición ao lugar e tempo regulamentariamente establecidos.
- e) O dereito á protección externa polo propio Partido, fronte aos ataques inxustos, e interna, mediante a actuación imparcial e equitativa dos órganos competentes, e a recibir a solidariedade do Partido no caso de dificultades derivadas da acción política.
- f) O dereito á utilización de medios materiais e humanos da Organización para o cumprimento das súas obrigas e o exercicio dos seus dereitos, coa correspondente autorización dos órganos executivos da instancia que se trate.
- g) O dereito a concursar, en cantas ocasións se produzan, para cubrir postos de traballo remunerados da Organización, que evitará a libre designación de persoas colaboradoras, funcionarias ou empregadas, salvo nos postos de estrita confianza. Igualmente terase dereito a ser elixido/a membro de tribunais cualificadores, ou de exame, no nivel correspondente, e a ser informado/a das convocatorias que ao efecto se realicen.
- h) O Partido pronunciarase pola democracia paritaria entre homes e mulleres e, en consecuencia, adopta o sistema de representación en virtude do cal ningún sexo teña menos do 40% nin máis do 60% de representación en calquera órgano de dirección, control ou executivo do Partido.  
  
Esta proporción será aplicable á composición das candidaturas electorais, tanto na integridade da lista como no conxunto de postos sobre os que exista previsión de resultar electos.
- i) Invalidaranse ou non se ratificarán polos órganos correspondentes aquelas listas que non cumpran co establecido neste apartado. Toda excepción a esta norma deberá ser autorizada polo órgano competente, previo informe motivado.
- l) Participar activamente na vida interna do Partido. Os/as militantes participarán nas reunións e Asembleas da organización local ou sectorial que lles corresponda.

**2.** Son deberes de cada militante:

- a)** A asistencia activa a cantos actos da vida orgánica e política convoque a Organización.
- b)** A solidariedade material e moral cos demais militantes da Organización, o respecto ás súas opinións e posicións, ás súas persoas e á obrigada colaboración sen discriminación por razóns de distinta forma de concepción política.
- c)** A realización de traballos políticos, sociais e sindicais concretos, baixo o coñecemento da Comisión Executiva Municipal e en colaboración cos compañeiros e compañeiras que na mesma tarefa constitúan equipo.
- d)** A aceptación daqueles cometidos de representación política que democraticamente lles sexan requiridos ou executivamente designados.
- e)** Aquela persoa militante do Partido que traslade a súa residencia dende o área dunha Agrupación a outra, deberá solicitar o seu traslado a esta, e lle será recoñecido de xeito automático se goza de todos os seus dereitos.
- f)** A colaboración económica a través do abono dunha cota mediante domiciliación bancaria.
- g)** Para poder ser elixido en calquera cargo público, orgánico ou de representación, deberán estar ao corrente das súas obrigacións económicas co Partido no momento da súa nominación e durante todo o período de ocupación do cargo.

**Artigo 12.** Os e as militantes que adebedan máis de seis meses de cotización perderán a súa condición de militantes, previa notificación escrita da situación na que se atopan, adquirindo o carácter de simpatizantes ata que se teña producido o pago das cotas debidas, a non ser nos casos nos que se teña xustificado que a falla de cotización é debida a unha situación de paro, ou calquera outra causa de forza maior, que lle teña impedido facer fronte á mesma.

### CAPÍTULO III. SIMPATIZANTES

**Artigo 13.** As persoas que desexen colaborar co Partido sen asumir as obrigas dos militantes poderán estar vinculadas a el na condición de simpatizantes. As Agrupacións Municipais elaborarán en base ás peticións recibidas, o censo de simpatizantes que serán convocados aos actos, reunións e actividades que correspondan. Estes censos serán remitidos á CENG

**1.** Son dereitos dos e das simpatizantes:

- a)** O dereito a poder ser consultados ou consultadas nas eleccións internas que se realicen polo procedemento de primarias, segundo determine a normativa reguladora das mesmas, para elo deberán cumprir a condición necesaria de ter unha antigüidade de seis meses de pertenza ao Partido.
- b)** O dereito a participar nos procesos de debate interno, elaboración de programas, etc.
- c)** Asistir como invitados ás Asembleas Municipais.

**2.** Son deberes dos e das simpatizantes:

- a)** A asistencia activa a cantos actos da vida política convoque a Organización.
- b)** A remisión, a través das canles orgánicas que se establezan, de tanta información teña en relación ás tarefas de Organización.
- c)** Perderase a condición de simpatizante polo desenvolvemento de calquera actividade contraria aos acordos, resolucións e actividades que adopte e desenvolva o Partido, así como polo incumprimento do establecido nos Estatutos e regulamentos do Partido.

## TÍTULO II. ASOCIACIONES E COLECTIVOS

**Artigo 14.** Coa finalidade de promover e favorecer as canles de comunicación e participación dos cidadáns nos órganos executivos, de decisión e control e de coordinación e, para facilitar que as suxerencias e propostas dos cidadáns sexan incorporadas ao debate e resolucións do PSdeG-PSOE, o Partido propiciará en todo os niveis da Organización a participación en actividades e reunións de persoas, asociacións e colectivos en tarefas relacionadas coas materias propias da súa actuación ou actividade na sociedade.

Os Órganos do Partido, nos seus diferentes niveis, a máis das súas responsabilidades, competencias e obxectivos establecidos nas normas estatutarias e regulamentarias, deberán ser canles efectivas e fluídas de conexión cos cidadáns, dos que recollerán información, propostas e suxerencias progresistas sobre temas de interese sectorial, que contribúan á elaboración dos programas políticos e electorais do Partido.

**Artigo 15.** Convenios de colaboración de asociacións e colectivos.

**1.** O PSdeG-PSOE, poderá establecer convenios de colaboración coas asociacións culturais, xuvenís, profesionais, estudiantís, ecoloxistas, recreativas, cooperativas, centros de estudos, organizacións técnicas e clubs de opinión ou similares que desenvolvan o seu labor no seo dos movementos sociais, o movemento cidadán; o mundo da cultura, investigación e da universidade, sempre que nin nos seus estatutos nin nos seus fins existan contradicións cos principios ideolóxicos e resolucións do Congreso do PSdeG-PSOE.

**2.** A colaboración formalizarase mediante un convenio subscrito coa Comisión Executiva Nacional Galega no que especificarán os deberes e os dereitos das organizacións colaboradoras.

**3.** Na primeira xuntanza que celebre o Comité Nacional Galego, este deberase pronunciar sobre o convenio de colaboración, aprobándoo por maioría.



## TÍTULO III. ESTRUCTURA XERAL DO PARTIDO

### CAPÍTULO I. ESTRUCTURA TERRITORIAL DO PARTIDO

**Artigo 16.** O PSdeG-PSOE articúlase en catro niveis orgánico-territoriais: Municipal, Comarcal, Provincial e Nacional.

**Artigo 17.** Son órganos do Partido a nivel nacional: O Congreso Nacional Galego (CN), o Comité Nacional Galego (CNG), a Comisión Executiva Nacional Galega (CENG), a Comisión Nacional de Listas, e a Comisión Nacional de Ética.

**Artigo 18.** A CENG regulará o proceso de renovación e constitución dos órganos executivos e de control Municipal, Comarcal, Provincial e Nacional.

As Organizacións do Partido nos seus ámbitos poderán elaborar os seus propios regulamentos de funcionamento interno. Estes non poderán contradicir as normas estatutarias e regulamentarias de rango superior e deberán ser ratificadas polo CNG.

**Artigo 19.** Cando a actuación das estruturas e órganos locais, comarcais ou provinciais que integran o PSdeG-PSOE, resultase contraria ao establecido nestes Estatutos, ás resolucións emanadas do Congreso Nacional Galego, Comité Nacional ou da Comisión Executiva Nacional Galega, esta poderá suspender a actividade do órgano inferior procedendo coa constitución dun órgano xestor que asumirá de xeito provisional as labores orgánicas e políticas no nivel correspondente. Desta medida informará oportunamente ao CNG.

### CAPÍTULO II. AGRUPACIÓNS MUNICIPAIS

**Artigo 20.**

**1.** A unidade básica de militancia é a Agrupación Municipal. O seu ámbito territorial é o Concello. Constituirase cando haxa un número de militantes non inferior a 5.

**2.** A Agrupación Municipal está constituída por aqueles/as militantes que estando ao corrente das cotas, estean domiciliados ou desenvolvan a súa actividade cotián dentro do Concello. A Agrupación Municipal ten autonomía para resolver os asuntos propios do seu ámbito.

**3.** Todo membro do Partido que traslade a súa residencia dende a área dunha Agrupación a outra, poderá solicitar o seu traslado a esta e recoñeceráselle automaticamente, sempre e cando estea ao día na cotización ao Partido e non estea afectado por ningunha actuación disciplinaria.

**4.** Ningún militante poderá exercer cargos orgánicos noutra Agrupación Municipal que non sexa a do seu lugar de militancia.

**Artigo 21.** E responsabilidade da Agrupación Municipal impulsar na súa circunscrición a política global do Partido, executando as resolucións emanadas dos órganos superiores do mesmo. Así mesmo, serán responsables do cumprimento das obrigas dos militantes, de facer respectar os seus dereitos e de procurar a súa participación nas tarefas do Partido.

**Artigo 22.** A constitución formal de novas Agrupacións Municipais será efectuada pola CENG.

A CENG, cando os intereses xerais do Partido o aconsellen resolverá a disolución daquelas Agrupacións Municipais que non actúen baixo as resolucións dos órganos superiores ou non veñan impulsando, coa eficacia requirida, a política global do PSdeG-PSOE na súa circunscrición. Desta medida informará oportunamente ao CNG.

**Artigo 23.** En todas as Agrupacións Municipais existirá un Libro de Actas, un Libro de Contas e un Libro de Rexistro de Entradas e Saídas, dos que terá a responsabilidade a Comisión Executiva Municipal e poderán ser fiscalizados polos Servizos Administrativos da CENG.

As Agrupacións Municipais terán asesoramento e defensa xurídica dentro das posibilidades e dispoñibilidade económica do Partido e sempre coa previa autorización da CENG.

**Artigo 24.** Os órganos da Agrupación son a Asemblea e a Comisión Executiva Municipal.

**1.** A Asemblea Municipal é o órgano soberano da Agrupación. Está composta por todos e todas as militantes da mesma.

**2.** Son funcións propias da Asemblea Municipal:

- a) Elixir a Comisión Executiva Municipal.
- b) Elixir os/as Delegados/as ao Congreso Nacional Galego e Provincial, ao Comité Nacional Galego e ao Comité Provincial.
- c) Aplicar as liñas de acción política xeral e dos Grupos Socialistas no seu ámbito de acordo coas directrices marcadas polos órganos competentes.
- d) Aprobar ou rexeita-la xestión da Comisión Executiva Municipal na derradeira Asemblea anual ordinaria, así como o seu plan de traballo.
- e) Aprobar os presupostos ordinarios e extraordinarios da Agrupación Municipal.
- f) Debater a xestión dos Órganos Nacionais para os Congresos Galegos, aprobándoa ou rexeitándoa no seu caso.
- g) Estudiar a Ponencia Marco aprobando ou no seu caso rexeitando as emendas presentadas que poden ser á totalidade ou parciais, sendo neste caso de adición, substitución ou de supresión.
- h) Colaborar na elaboración e aprobación do programa electoral municipal.
- i) Aprobar as propostas de lista de candidatos ás eleccións municipais.
- l) Elaborar o proxecto de regulamento de funcionamento interno, que en última instancia terá que ser ratificado polo Comité Nacional Galego.
- m) Facer as propostas para cargos públicos.

**Artigo 25.** A Asemblea Municipal reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez cada tres meses e extraordinariamente cando o estime conveniente a Comisión Executiva Municipal, ou cando o soliciten un terzo dos militantes da Agrupación que farán constar na solicitude a Orde do Día da sesión.

Neste último caso a Asemblea terase que celebrar nun prazo máximo de 15 días a partir da entrada do escrito da solicitude na Comisión Executiva Municipal. No caso de que non se cumprira cos prazos ou convocatoria, a CENG intervirá adoptando as medidas políticas e orgánicas que considere oportunas.

**Artigo 26.** A Comisión Executiva Municipal é elixida na Asemblea Municipal á que debe informar en Asembleas Ordinarias.

Executa no seu ámbito municipal a política definida polos órganos de dirección e control do partido nos Congresos, Comités e Asembleas, e aplica as resolucións da CENG, actuará colexiadamente, se ben os membros terán responsabilidades asignadas.

**Artigo 27.** A Comisión Executiva Municipal comporase como mínimo de tres membros, procurando corresponderse coas áreas da CENG, coa fin de facilitar a coordinación entre as áreas de traballo.

Cando exista organización das Xuventudes Socialistas de Galicia, o/a seu Secretario/a Xeral participará nas reunións da Comisión Executiva Municipal, con voz e voto.

**Artigo 28.** Son funcións específicas da Comisión Executiva Municipal:

- a) Tramitar as altas e baixas de afiliados e comunicalo á CENG
- b) Administrar en nome dos órganos nacionais os bens do Partido a nivel municipal.
- c) Manter as relacións con outros grupos políticos e sindicais no seu ámbito.
- d) Organizar e dirixir as campañas electorais no seu ámbito, de acordo coa planificación xeral das mesmas.
- e) Coordinar a actividade do grupo municipal socialista, e dos cargos públicos adscritos á súa Agrupación Municipal.
- f) Convocar as Asembleas Ordinarias e Extraordinarias de acordo cos presentes Estatutos.
- g) Impulsar a creación da Agrupación Municipal das Xuventudes Socialistas de Galicia no seu termo municipal.
- h) Elaborar o programa anual de traballo, os presupostos o informe de xestión que serán presentados na última Asemblea do ano.
- i) Coordinar a relación cos simpatizantes levando un rexistro dos mesmos e fomentando a súa incorporación ás actividades do Partido.

**Artigo 29.** A dimisión do Secretario Xeral ou da metade máis un dos seus membros implica a dimisión de toda a Comisión Executiva Municipal. Neste caso a CENG convocará unha Asemblea Extraordinaria no prazo máximo de 30 días para elixir unha nova Comisión Executiva Municipal, salvo no caso de que se proceda segundo o establecido no artigo 58 da Normativa Reguladora da Estructura e Funcionamento Xeral do Partido.

### CAPÍTULO III. AGRUPACIÓNS COMARCAIS

**Artigo 30.** As Agrupacións Comarcais estarán constituídas por todas as Agrupacións Municipais implantadas dentro do ámbito territorial establecido na Disposición Final Segunda destes Estatutos.

A misión da Agrupación Comarcal é desenvolver no seu ámbito a política xeral do Partido, así como levar a cabo as iniciativas necesarias para facer fronte os seus problemas, de acordo coas directrices xerais dos órganos superiores.

Os órganos de dirección e control comarcais son: o Comité Comarcal e a Comisión Executiva Comarcal

**Artigo 31.** En todas as Agrupacións Comarcais existirá un Libro de Actas, un Libro de Contas e un Libro de Rexistro de Entradas e Saídas, dos que terá a responsabilidade a Comisión Executiva Comarcal, e poderán ser fiscalizados polos órganos nacionais do Partido.

**Artigo 32.** O Comité Comarcal é o órgano supremo de debate e control do partido na Comarca. Convocarase dentro dos 60 días seguintes á clausura do Congreso Nacional Galego, mediante convocatoria da CENG.

O número de membros do Comité Comarcal estará comprendido entre un mínimo de 30 e un máximo de 100.

As Agrupacións Municipais elixirán os seus delegados ao Comité Comarcal nunha Asemblea Extraordinaria convocada ao efecto, segundo o baremo establecido pola CENG. Soamente poderán asistir aquelas Agrupacións que estiveran constituídas antes dos sesenta (60) días anteriores á convocatoria do Comité.

Ningún militante poderá asistir ao Comité representando a unha Agrupación que non sexa aquela na que está militando. O Comité reunirse ordinariamente cada 6 meses, convocado pola Comisión Executiva Comarcal e extraordinariamente cando o convoque a Comisión Executiva Comarcal, ou o soliciten a metade máis un dos seus membros. Neste último caso celebrárase nun prazo máximo de 30 días a partir da entrada do escrito de solicitude na Comisión Executiva Comarcal.

As sesións ordinarias deberan ser convocadas, polo menos, con sete días de antelación. As sesións extraordinarias serán convocadas coa urxencia que requira o caso, e os acordos recaídos serán válidos sempre que foran convocados por escrito todos os seus membros e se dese o quórum mínimo de dous terzos dos seus membros.

**Artigo 33.** Asistirá unha representación, con voz pero sen voto, dos colectivos que estiveran asociados ao PSdeG-PSOE, cun número de delegados/as que será determinado pola CENG.

Asistirá unha representación, con voz pero sen voto, dos Grupos Sectoriais constituídos a nivel comarcal, cun número de delegados que será determinado pola CENG. Asistirá unha delegación das Xuventudes Socialistas de Galicia, con voz e voto, cun número de membros que será determinado pola CENG en base ao seu censo.

As resolucións, ditames e acordos decidíranse mediante voto individual e público dos delegados e delegadas.

**Artigo 34.** Composición do Comité Comarcal.

1. O Comité Comarcal estará formado por:

- a) A Comisión Executiva Comarcal
- b) Os Delegados/as elixidos polas Agrupacións Municipais

2. Tamén participarán con voz pero sen voto:

- a) Os Alcaldes/as ou portavoces municipais, Senadores/as e Deputados/as da comarca
- b) Os membros do Comité Nacional Galego da comarca

**Artigo 35.** As súas funcións son:

- a) Elixir a Comisión Executiva Comarcal.
- b) Aplicar as liñas de acción política xeral e sectorial na comarca, de acordo coas resolucións e acordos emanados dos órganos do Partido.

- c) A coordinación da política do Partido na comarca e nas súas institucións.
- d) Promover a comunicación entre os cargos públicos e orgánicos da comarca.
- e) Impulsar e promover o funcionamento e comunicación das Agrupacións Municipais da comarca.
- f) Coordinar e impulsar a formación política e municipal no seu territorio.
- g) Elaborar un plan anual de traballo, e facer o seu seguimento político.
- h) Impulsar a implantación do Partido no seu territorio
- i) Coordinar as campañas electorais a nivel comarcal.
- l) Elevar propostas xerais aos órganos superiores do Partido.
- m) Examinar a xestión da Comisión Executiva Comarcal.
- n) Elaborar o proxecto de regulamento de funcionamento interno que terá que ser ratificado polo CNG

**Artigo 36.** A Comisión Executiva Comarcal executa no ámbito da comarca a política definida nos Congresos e Comités do Partido.

A Comisión Executiva Comarcal reunirse de xeito ordinario cada dous meses, e de xeito extraordinario cando o convoque o Secretario/a Xeral, ou o solicite a metade máis un dos membros da CEC. Neste último caso deberá celebrarse a reunión nun prazo non superior a quince días.

O Secretario/a Xeral ostenta a representación do Partido na comarca. Coordina política e estratexia do Partido así como os traballos da comisión executiva comarcal.

**Artigo 37.** Actuará de forma colexiada e estará composta alomenos por:

- Secretario/a Xeral
- Secretario/a de Organización
- Secretario/a de Administración
- Secretario/a de Política Institucional
- Secretario/a de Acción Electoral
- Secretaría de Formación
- Os/As Secretarios/as Xerais das Agrupacións Municipais da Comarca
- Participará tamén nas reunións da Comisión Executiva Comarcal con voz e voto un representante das XSG da comarca, nomeado pola súa Executiva Nacional.

**Artigo 38.** Son competencias da Comisión Executiva Comarcal:

- a) Facer o seguimento do censo de militantes da comarca.

- b) Administrar en nome dos órganos nacionais os bens do Partido a nivel comarcal.
- c) Elaborar o plan anual de traballo.
- d) Coordinar e facer o seguimento do traballo político e municipal das Agrupacións Municipais e dos Grupos Municipais da súa comarca.
- e) Coordinar as campañas electorais dentro da planificación xeral do Partido.
- f) Organizar a formación política e municipal dos militantes.
- g) Convocar o Comité Comarcal.
- h) Impulsar as políticas sectoriais en coordinación cos órganos superiores do Partido.
- i) Propoñer os nomes das persoas que representarán ao Partido nas diferentes institucións de carácter comarcal.

**Artigo 39.** A dimisión do Secretario/a Xeral ou da metade máis un dos seus membros implica a dimisión de toda a Comisión Executiva Comarcal. Neste caso a CENG convocará un Comité Comarcal Extraordinario no prazo máximo de 30 días para elixir unha nova Comisión Executiva Comarcal.

#### **CAPÍTULO IV. CONSELLOS PROVINCIAIS**

**Artigo 40.** Os Consellos Provinciais constitúense como órganos de actuación política e coordinación electoral e institucional no ámbito da provincia.

A proposta do Secretario/a Xeral, a CENG nomeará, de entre os seus membros, os/as Secretarios/as dos catro Consellos Provinciais, que serán os/as responsables da actuación política e coordinación electoral e institucional do Partido en cada provincia. Destes nomeamentos informarase no primeiro Comité Nacional que se celebre.

Para o seu funcionamento o Consello Provincial elaborará un Regulamento de funcionamento interno que aprobará a CENG e será ratificado polo CNG.

O Consello Provincial celebrará anualmente un debate sobre política xeral da provincia, convocando a tal efecto a todos os cargos orgánicos e institucionais do Partido na provincia.

**Artigo 41.** O Consello Provincial terá as seguintes funcións :

- a) A coordinación da política do Partido na provincia e nas súas institucións.
- b) Promover a comunicación entre os cargos públicos e orgánicos da provincia.
- c) Impulsar e promover o funcionamento e comunicación das Agrupacións Municipais e Comarcais da provincia.
- d) Dotar de asesoramento xurídico e técnico a concelleiros e Grupos Municipais.
- e) Elaborar un plan anual de traballo, e facer o seu seguimento político.
- f) Coordinar as campañas electorais a nivel provincial e baixo as directrices do Comité Electoral Nacional.
- g) Aquelas outras que lle encomende a CENG.

**Artigo 42.** Son membros do Consello Provincial:

- a) O/a Secretario/a do Consello Provincial.
- b) Os/as Secretarios/as Xerais Comarcais da provincia.
- c) Un/ha representante dos Deputados/as e Senadores/as.
- d) Un/ha representante dos Deputados/as Autonómicos/as.
- e) O/a Presidente/a ou portavoz Socialista na Deputación Provincial.
- f) Un/ha representante das XSG.

**Artigo 43.** Os/As Secretarios/as dos Consellos Provinciais propoñerán á CENG a incorporación ao Consello Provincial daqueles/as compañeiros/as que consideren de interese para o traballo orgánico, político e electoral na provincia.

O Consello Provincial contará cun equipo técnico de apoio. Os Consellos Provinciais terán en cada provincia un Gabinete de Asistencia Técnica e Xurídica, suficientemente dotado de recursos materiais e humanos, ao servizo dos militantes e concelleiros do Partido.

## CAPÍTULO V. ORGANIZACIÓNS SECTORIAIS

**Artigo 44.** O PSOE conta con seis Organizacións Sectoriais que son:

- Organización Sectorial de Educación.
- Organización Sectorial de Medio Ambiente.
- Organización Sectorial de Participación Cidadán.
- Organización Sectorial de Sanidade.
- Organización Sectorial da Sociedade da Información.
- Organización Sectorial de Emprendedores, Economía Social e Traballadores Autónomos.

As Organizacións Sectoriais do Partido, constituídas polo CNG, a proposta da CENG, integrarán aos afiliados e afiliadas que o soliciten. Este encadramento, a diferenza das Agrupacións, terá carácter funcional.

As organizacións sectoriais crearanse nos ámbitos Federal, Nacional e Provincial.

**Artigo 45.** As Organizacións Sectoriais son estruturas de participación directa dos afiliados e afiliadas socialistas en tarefas de información, debate e propostas relacionadas coas materias propias do seu ámbito de actuación.

**1.** As Organizacións Sectoriais do Partido poderán ter as funcións seguintes:

- a) Organizar a acción dos afiliados e afiliadas no seu ámbito específico e asegurar a presenza do Partido neste, sempre baixo a dirección dos órganos de execución do Partido no ámbito territorial correspondente.
- b) Colaborar nos traballos electorais, así como nos de formación e expansión do Partido.



- c) Asesorar na súa especialidade aos Grupos Parlamentarios e aos organismos de goberno de tipo Municipal, Provincial ou Nacional.
- d) Colaborar na concreción das alternativas do Partido no seu sector a partir das resolucións dos Congresos e Asembleas, e, en especial, coa aportación aos Consellos e Comisións Executivas do material necesario para o desenvolvemento das súas funcións. Tamén poderán presentar emendas e ponencias do seu ámbito no Congreso do Partido.
- e) Organizar baixo a dirección do órgano de execución correspondente a presenza externa do Partido no ámbito específico de cada Comisión.
- f) Poderán elevar análise e propostas aos órganos de dirección do Partido na súa demarcación e poderán contribuír coas súas aportacións á elaboración dos programas políticos e electorais do Partido.

**2.** As normas de funcionamento, que deberán ser aprobadas polo Comité Nacional a proposta da CENG terán en conta os criterios seguintes:

- a) A estrutura organizativa estará constituída a escala nacional pola Conferencia de membros e, a proposta desta, o Comité Coordinador e polo Delegado ou Delegada Nacional, que actuarán baixo a supervisión do Secretario ou Secretaria correspondente da Comisión Executiva.
- b) O Delegado ou Delegada Nacional será membro do Comité Nacional con voz e sen voto. No caso de que o Delegado ou Delegada Nacional xa sexa membro do Comité Nacional por outro concepto, a Conferencia Nacional poderá elixir expresamente a outra persoa para desempeñar esta función.
- c) Os Comités Coordinadores encargaranse da coordinación e impulso da política sectorial respectiva baixo a dirección da Comisión Executiva do Partido, que asignará un secretario a cada unha das Organizacións Sectoriais constituídas.
- d) A Comisión Executiva do Partido levará un rexistro de todos os simpatizantes, afiliados e afiliadas que se inscribirán persoalmente en cada unha das Organizacións Sectoriais e establecerá os medios necesarios para comunica-la existencia de toda as Organizacións Sectoriais constituídas ou en vías de constitución, coa finalidade de permiti-la inscrición de todo o que o desexe nas Organizacións Sectoriais.
- e) As Organizacións Sectoriais a nivel nacional poderán ter o seu equivalente nos diferentes niveis territoriais sempre que a realidade organizativa o permita. En calquera caso, actuarían baixo a dirección da Comisión Executiva do seu ámbito.
- f) O conxunto de Delegados e Delegadas Nacionais constituirá o Grupo de Coordinación Sectorial do Partido, que se reunirá alomenos unha vez cada tres meses con representantes da Comisión Executiva do Partido, para asesorala no relativo ás súas actuacións correspondentes aos diferentes ámbitos de traballo das Organizacións Sectoriais.

**Artigo 46.** As Organizacións Sectoriais constituídas terán dereito de representación nos órganos de decisión e control do Partido con voz e voto, en función da representación que determinará a CENG.

As Organizacións Sectoriais, en toda as cuestións referentes á situación de afiliación dos seus membros e aos procesos orgánicos dependerán das Secretarías de Organización.



## TÍTULO IV. ÓRGANOS NACIONAIS DO PARTIDO

### CAPÍTULO I. CONGRESO NACIONAL GALEGO

**Artigo 47.** O Congreso Nacional é o órgano supremo e soberano do PSdeG-PSOE. Está integrado polos delegados e delegadas elixidos nas Agrupacións Municipais.

O seu desenrolo axustarase ao establecido no Regulamento Nacional de Congresos e aos presentes Estatutos.

O número de delegados e delegadas, que será establecido polo CNG e que poderá oscilar entre 400 e 600, fixarase tendo en conta o censo de militantes correspondente á data fixada polo CNG, que convoca a celebración do Congreso.

Unha vez convocado o Congreso polo CNG, os/as militantes que se dean de alta no Partido non terán dereito a ser nin electores nin elixibles no proceso de elección dos delegados/as ao Congreso.

**Artigo 48.** As Agrupacións Municipais elixirán os seus Delegados e Delegadas ao Congreso Nacional nunha sesión Extraordinaria convocada ao efecto.

1. Asistirá unha representación, con voz pero sen voto, dos colectivos que estiveran asociados ao PSdeG-PSOE ou manteñan un protocolo de colaboración, cun número de delegados/as que será determinado polo Comité Nacional. Todo elo sen prexuízo dos posibles dereitos a participar con voto dos colectivos ou asociacións coas que se acordou no documento de asociación.
2. Asistirá unha representación con voz pero sen voto dos Grupos Sectoriais constituídos a nivel nacional, cun número de delegados/as que será determinado polo CNG en función do número de persoas que integren os devanditos colectivos.
3. Asistirá unha delegación das XSG, con voz e voto, cun número de membros que será determinado polo Comité Nacional Galego, a proposta da CENG, en base ao seu censo regularizado segundo o procedemento establecido para o censo do Partido; baixo a supervisión do Departamento Federal de Afiliación e Censos, utilizando o mesmo baremo co aplicado para o resto do Partido. En todo caso a representación das XSG será, como mínimo do 2% e como máximo do 5% dos representantes en ditos Congresos ou Conferencias.
4. Para un maior enriquecemento do debate e das resolucións de políticas sectoriais, poderán participar nos debates, de Comisións ou Pleno con voz e sen voto, aportando análises e propostas, os representantes de movementos asociativos e de colectivos progresistas que a CENG ou o CNG consideren de interese para o mellor desenvolvemento dos obxectivos do Partido.

**Artigo 49.** O Congreso reúnese ordinariamente entre o terceiro e o cuarto ano dende a celebración do Congreso anterior, salvo que circunstancias especiais de interese político u orgánico aconsellen a modificación desta previsión temporal, e extraordinariamente cando o convoque o CNG, a CENG ou a metade máis un dos militantes.

1. O Congreso Nacional define os principios e fixa os programas do Partido, establece a liña política do mesmo e sinala a súa estratexia, adaptando as Resolucións de nivel Federal á peculiaridade da nacionalidade galega.
2. O Congreso Nacional debate e xulga a xestión da Comisión Executiva Nacional Galega, do Comité Nacional, e da Comisión Nacional de Ética.

**3.** O Congreso Nacional elixe o Secretario Xeral, a Comisión Executiva Nacional Galega, 45 membros do Comité Nacional, a Comisión Nacional de Ética e aos membros do Comité Federal que correspondan.

**Artigo 50.** A elección da Mesa, as resolucións, ditames e acordos decíranse mediante voto individual e público dos/as delegados/as.

A votación da xestión da CENG, CNG, e Comisión Nacional de Ética realizarase mediante o voto individual e público dos/as delegados/as.

**1.** A CENG será elixida polo seguinte sistema:

**a)** A elección do/a Secretario/a Xeral, mediante voto individual, directo e secreto de toda a delegación do Congreso. Previa presentación das diferentes candidaturas á Comisión Electoral, cos requisitos que se establezan a tal efecto.

**b)** A elección da CENG proposta polo/la Secretario/a Xeral electo, á Comisión Electoral, mediante voto individual, directo e secreto de todo os/as Delegados/as.

**2.** A elección polo Congreso, dos 45 membros do CNG, da Comisión Nacional de Ética e dos membros do Comité Federal, realizarase mediante votación individual e secreta dos/as Delegados/as, previa presentación das candidaturas á Comisión Electoral en listas completas, pechadas e bloqueadas.

Todos os delegados e delegadas teñen voz e voto no debate das ponencias. Calquera emenda que non fose recollida na Ponencia, pero que conte alomenos co 20% dos seus votos, poderá ser defendida nas sesións plenarias.

**Artigo 51.** O Congreso Nacional será convocado polo CNG, que determinará datas e lugar de celebración con 60 días de antelación como mínimo. Enviarase a todas as Agrupacións Municipais unha proposta da Orde do Día provisional, xunto coa Memoria de Xestión do CNG, Comisión Nacional de Ética, CENG e a Ponencia Marco elaborada pola CENG e aprobada no CNG.

As Agrupacións Municipais poderán formular suxerencias á Orde do Día, presentar proposicións, emendas parciais e ponencias alternativas sobre materias de calquera natureza, tanto se figuran na Ponencia Marco, que estará dispoñible na páxina web do partido, como se non, sempre que obteñan un mínimo do 20% de apoio.

O CNG, a través da CENG, enviará, coa antelación fixada polo propio Comité para a celebración do Congreso, ás Agrupacións Municipais e aos delegados e delegadas elixidos para o Congreso, unha memoria con todas as ponencias e emendas recibidas.

Tanto as Resolucións do Congreso Nacional, coma o resultado das Conferencias sobre Política Sectorial, serán editadas pola Dirección do Partido que se responsabilizará do seu envío aos órganos Municipais, Comarcais e Provinciais.

**Artigo 52.** Cando circunstancias especiais aconsellen a convocatoria dun Congreso Nacional Extraordinario ou cando proceda para tratar sobre algún tema específico, non será preciso atender os prazos establecidos no artigo anterior.

O Congreso Nacional Extraordinario poderá ser convocado polo Comité Nacional ou pola Comisión Executiva Nacional Galega e, preceptivamente, cando o pidan a metade máis un dos militantes. O órgano convocante determinará a data e lugar da xuntanza, así como os puntos da Orde do Día.

O Congreso Nacional Extraordinario soamente pode adoptar resolucións sobre as materias previstas na Orde do Día para o que foi convocado.

**Artigo 53.** Os delegados e delegadas galegos ao Congreso Nacional asistirán en delegacións.

## CAPÍTULO II. COMITÉ NACIONAL GALEGO

**Artigo 54.** O Comité Nacional Galego é o órgano máximo de dirección política entre Congreso e Congreso.

1. Son membros natos, con voz e voto:
  - a) A Comisión Executiva Nacional Galega.
  - b) Os/As 45 membros elixidos no Congreso Nacional.
  - c) Os/As representantes do PSdeG-PSOE no Comité Federal.
  - d) Os/As membros da Comisión Nacional de Ética.
  - e) O/A Presidente/a da Xunta de Galicia, cando o PSdeG-PSOE asuma a responsabilidade do Goberno e sexa militante.
  - f) Unha representación das XSG, sen que poida ser superior ao 5% do citado órgano nin inferior ao 2%.
  - g) O Presidente ou Presidenta do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.
2. Son membros con voz e voto os delegados e delegadas elixidos nas Asembleas Municipais e intermunicipais, a determinar en función do número de militantes. A elección destes membros efectuarase nas Asembleas Municipais e Intermunicipais respectivas, tendo en conta o censo de militantes pechado para a celebración do Congreso Nacional e, segundo o baremo fixado pola CENG.
3. Participarán con voz, pero sen voto:
  - a) Os/as deputados/as autonómicos/as socialistas.
  - b) Os/as deputados/as e senadores/as socialistas.
  - c) Os/as Presidentes/as ou Portavoces das Deputacións Provinciais.
  - d) Os/as Parlamentarios/as Europeos/as do PSdeG.
  - e) Un/ha representante dos alcaldes/esas socialistas representados na FEGAMP.
  - f) Os/as Secretarios/as Xerais Comarcais.
  - g) Un/ha delegado/a de cada grupo sectorial constituído a nivel Nacional.
  - h) Os/as representantes dos colectivos asociados ao PSdeG-PSOE, segundo o convenio asinado, sempre que nos convenios non se especifique o contrario.
  - i) Os ex secretarios Xerais e Presidentes Autonómicos do PSdeG.

Cada membro do Comité Nacional poderá ser revocado en todo momento pola instancia que o elixiu, garantindo o respecto das minorías, se fora o caso.

Os membros do Comité Nacional están obrigados a informar puntualmente, aos órganos que os elixiron, dos debates e resolucións adoptadas polo mesmo.

As ausencias reiteradas, así como as inxustificadas dos delegados/as membros do CNG serán comunicadas ás Asembleas Municipais respectivas para que estas procedan, segundo entenda conveniente, á súa substitución.

**Artigo 55.** Son competencias do Comité Nacional Galego (CNG):

- a) Convocar o Congreso do Partido.
- b) Elixir os membros do CNG que formarán conxuntamente cos membros da CENG, nomeados ao efecto, a Comisión de Redacción da Ponencia Marco do Congreso Galego.
- c) Definir a política do Partido entre Congreso e Congreso, sempre en consonancia coas Resolucións do Congreso anterior.
- d) Examinar a xestión da CENG esixíndolle no seu caso a responsabilidade política mediante aprobación por maioría absoluta da moción de censura, razoada, que deberá ser proposta alomenos un tercio (1/3) dos/as seus/súas membros e deberá figurar na Orde do Día da sesión do CNG. Para ter efectos deberá ser sancionada pola maioría absoluta dos membros do CNG.
- e) Elaborar e aprobar o programa electoral de Galicia.
- f) Realizar o seguimento do labor político do Goberno Galego e do seu desenvolvemento lexislativo e normativo.
- g) Garantir que os modos de xestión dos cargos públicos se adecúen aos modos de xestión socialista.
- h) Aprobar o regulamento de funcionamento interno do propio CNG.
- i) Aprobar os regulamentos internos dos diversos órganos de todos os niveis organizativos.
- l) Recabar información dos representantes do Partido no Comité Federal.
- m) Aprobar os presupostos ordinarios e extraordinarios do Partido a proposta da CENG e ser informado das variacións patrimoniais que se teñan producido.
- n) Cubrir as vacantes que se produzan na CENG. Cando a vacante corresponda ao Secretario/a Xeral ou á metade máis un dos membros da CENG convocarase un Congreso Extraordinario.
- ñ) Dar conta da súa xestión ao Congreso, para o que o CNG elixirá unha Comisión de tres dos membros electos.
- o) Elección de dous membros do CNG para formar parte da Comisión de Selección de 3 Delegados para a Comisión de Credenciais.
- p) Cubrir as vacantes do PSdeG-PSOE no Comité Federal se estas chegaran a producirse.
- q) Aprobar no seu caso, as conclusións de xornadas ou seminarios que se convoquen para desenrolala liña política do Partido. As conclusións aprobadas terán carácter vinculante.
- r) Determinar a política de alianzas do Partido e dirimir as discrepancias entre as Agrupacións nesta materia.
- s) Aprobar o regulamento do Congreso Nacional Galego. Aprobar a proposta da CENG, os regulamentos dos distintos órganos territoriais.
- t) Designar o/a candidato/a á Presidencia da Xunta de Galicia.
- u) Ratificar as listas electorais que lle sexan presentadas pola CENG, previo ditame da Comisión Nacional de Listas
- v) Elixir a Comisión Nacional de Listas, na súa primeira reunión despois do Congreso. Terá

carácter permanente para todos os procesos electorais, ata o próximo Congreso.

- w) Fixar as cotas especiais de altos cargos e asimilados, así como as cotas extraordinarias e revisar anualmente as cotas mínimas por militante.
- x) Nomear, de mutuo acordo coa CEF, unha Comisión Xestora en caso de dimisión da CENG.
- z) Ser informado dos nomeamentos dos Secretarios/as dos Consellos Provinciais.

**Artigo 56.** O Comité Nacional Galego reúne a lo menos tres veces ao ano, sendo convocado pola CENG. No derradeiro CNG de cada ano, a CENG, renderá conta da súa xestión realizada ao longo do mesmo.

O Comité Nacional pode ser convocado con carácter extraordinario, cando o xulgue conveniente a CENG ou o soliciten alomenos un tercio (1/3) dos/as seus/súas compoñentes.

As sesións ordinarias deberan ser convocadas, polo menos, con 10 días de antelación.

As sesións extraordinarias serán convocadas coa urxencia que requira o caso, e os acordos recaídos serán válidos sempre que foran convocados por escrito todos/as os/as seus membros e se dese o quórum mínimo de dous tercios (2/3).

Cando se produzan vacantes entre os membros do CNG, procederase a unha nova elección polas instancias correspondentes, salvo no caso dos 45 membros elixidos polo Congreso Nacional, que se cubrirán polo Comité Nacional a proposta da CENG.

### CAPÍTULO III. COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL GALEGA

**Artigo 57.** A Comisión Executiva Nacional Galega realiza no ámbito de Galicia a política definida polos órganos de dirección do Partido, o Congreso Nacional e o Comité Nacional Galego adoptando para elo cantas decisións estímesese necesarias, sempre de acordo coas normas e directrices emanadas daqueles.

A CENG aplica permanentemente a política do PSdeG-PSOE.

**Artigo 58.** Son funcións específicas da CENG:

- a) A Organización da vida interna do Partido.
- b) As relacións con outros grupos políticos galegos e os militantes socialistas galegos na emigración.
- c) Xestionar o censo de afiliados e simpatizantes do Partido.
- d) A administración dos bens do Partido.
- e) A realización de cantas actividades sexan necesarias en todos os eidos para o
- f) Cumprimento dos fins do Partido.
- g) Realizar o seguimento político do labor do Goberno Galego e o desenvolvemento lexislativo no seu ámbito.
- h) Garantir en última instancia o seguimento da actuación dos representantes do Partido nas institucións públicas, interpretando e valorando se a súa actuación axústase ao cumprimento dos obxectivos fixados.
- i) Establecer as fórmulas máis axeitadas para asegurar en todo momento a coordinación das liñas de Acción Política realizadas dende as distintas esferas onde actúan os socialistas, analizando e definindo previamente as prioridades políticas marcadas polos socialistas.

- l)** Organizar e dirixir as campañas electorais a nivel galego de acordo coas directrices marcadas polo Comité Nacional Galego, e coordinar e adaptar á realidade galega as campañas para as eleccións legislativas do Estado, de acordo coa planificación xeral das mesmas.
- m)** Organizar e promover a formación dos/as militantes.
- n)** Promover a edición de prensa periódica oficial do Partido.
- ñ)** O apoio ao desenvolvemento da acción política dos/as socialistas no goberno e a colaboración da súa explicación á opinión pública.
- o)** Presentar os presupostos do Partido ao CNG nos tres primeiros meses de cada exercicio.
- p)** Propoñer ao Comité Nacional o/a candidato/a a Presidente/a da Xunta.
- q)** Propoñer ao Grupo Parlamentario os/as compañeiros/as que formarán parte da Mesa do Parlamento, así como o Portavoz e os/as compañeiros/as que formarán parte da dirección do Grupo Parlamentario.
- r)** Convocar as conferencias sectoriais que crea conveniente e coordinar a través das diversas secretarías a actividade sectorial do Partido.
- s)** Actualizar periodicamente o censo de Residentes Ausentes.
- t)** Nomear os/as Secretarios/as dos Consellos Provinciais, a proposta do Secretario/a Xeral.

**Artigo 59.** A CENG xuntarase coa frecuencia que por se mesma acorde. Normalmente será convocada polo Secretario Xeral ou a petición por escrito dun terzo (1/3) dos seus membros.

A CENG funcionará en Pleno ou Permanente, en función do que sinala o seu Regulamento de funcionamento interno, que se aprobará no primeiro mandato da CENG.

#### **Artigo 60.** Composición da CENG

A CENG estará constituída por:

- Secretaría Xeral
- Vicesecretaría Xeral
- Secretaría de Organización
- Secretaría de Área de Economía e Territorio
- Secretaría de Área de Liberdades Públicas e Dereitos Cidadáns
- Secretaría de Área de Política Institucional e Relacións Parlamentarias
- Secretaría de Área de Cambio Climático, Desenvolvemento Sostible e Secretario Provincial de Ourense
- Secretaría Executiva de Estudos e Programas
- Secretaría Executiva de Política Municipal
- Secretaría Executiva de Igualdade
- Secretaría Executiva de Políticas Sociais

- Secretaría Executiva de Educación
- Secretaría Executiva de Emigración
- Secretaría Executiva de Política Rural
- Secretaría Executiva de Formación
- Secretaría Executiva de Educación
- Secretaría Executiva de Cultura
- Secretaría Executiva de Innovación e Novas Tecnoloxías
- Secretaría Executiva de Pesca
- Secretaría Executiva de Sanidade e Consumo
- Secretaría Executiva de Deporte e Lecer
- Secretaría Provincial de Pontevedra
- Secretaría Provincial de A Coruña
- Secretaría Provincial de Lugo
- 13 Vocalías

**2.** Son membros da CENG, con voz e voto:

- Os catro Secretarios/as provinciais
- O/A Presidente/a ou Portavoz do Grupo Parlamentario socialista.
- O/A Secretario/a Xeral das XSG.
- Un/ha Ministro/a en representación dos/as Ministros/as galegos/as
- O/A Presidente/a ou vicepresidente/a, no seu caso, da Fegamp.
- Os/as Presidentes/as das Deputacións provinciais

**3.** Os/As Deputados/as e Senadores/as asistirán ás reunións da CENG, sempre que lles sexa requirida a súa presenza.

**Artigo 61.** O/A Secretario/a Xeral coordina a política e a estratexia do Partido. É o portavoz cualificado da CENG. Ostenta a representación do Partido e coordina os traballos da CENG. Así mesmo autoriza coa súa firma todos os documentos políticos, orgánicos e administrativos do PSdeG.

No caso de que o Secretario/a Xeral asuma funcións no Goberno da Xunta poderá delegar nun membro da CENG as seguintes funcións:

- a)** A coordinación efectiva do traballo interno e externo do Partido a nivel executivo, potenciando o mesmo mediante unha dedicación específica ás tarefas do Partido.

b) Ser o enlace permanente entre o Partido e os compañeiros e compañeiras que estean ao fronte das distintas administracións ou gobernos, aportando en todo momento os criterios do partido a estes.

c) Ser o portavoz cualificado da CENG e o encargado de emitir as opinións oficiais do Partido.

**Artigo 62.** As deliberacións da CENG son reservadas. Faranse constar na acta os votos particulares que houbera sobre as decisións recaídas.

A proposta do Secretario/a Xeral, a CENG establecerá os seus réximes de funcionamento.

Os/As secretarios/as de área terán unha dedicación preferente ás tarefas da mesma, asumen as funcións que se lles especifiquen no regulamento interno e responsabilízanse destas ante o Comité Nacional e o Congreso, participando na elaboración do informe de xestión a través da súa área.

As Secretarías Executivas estarán adscritas a unha Secretaría de Área e terán funcións específicas determinadas pola CENG.

A responsabilidade da CENG é colexiada o que non exime aos seus membros da propia responsabilidade no desempeño das súas funcións.

O cese dos membros da CENG poderá producirse a petición propia ou por resolución do CNG. As vacantes ou cambios nas áreas de responsabilidade que se teñan producido na CENG serán cubertas ou realizadas a proposta do/a Secretario/a Xeral e aprobadas polo CNG.

**Artigo 63.** A CENG poderá designar Delegados/as Nacionais que actuarán en nome da mesma, naquelas funcións que se lle encomenden, baixo a dependencia da Secretaría de Organización.

Os/As Delegados/as Nacionais poderán ser chamados pola CENG para informar nas súas reunións sobre os asuntos das súas competencias.

A CENG poderá constituír no seu seo unha comisión para asuntos específicos na que delegue facultades de decisión sobre os mesmos.

A CENG disporá dun Gabinete permanente e estable de Asistencia Técnica e Xurídica, suficientemente dotado de recursos materiais e humanos, ao servizo da organización e dos grupos do Partido nas distintas institucións galegas.

O CNG aprobará o regulamento interno da CENG, a proposta desta.

## **CAPÍTULO IV. CONSELLO TERRITORIAL**

**Artigo 64.** O Consello Territorial é un órgano nacional ao que corresponde informar e asesorar sobre as políticas do Partido que afectan ao territorio e á cidadanía galega. O Consello Territorial será convocado polo Secretario Xeral da CENG.

**Artigo 65.** O Consello está composto polo Secretario Xeral da CENG e unha representación da CENG, elixida en reunión ordinaria do Pleno da CENG, os/as catro Secretarios/as provinciais, os/as alcaldes/as ou portavoces socialistas das grandes cidades, os/as Presidentes/as socialistas das Deputación provinciais, o/a Presidente socialista na FEGAMP, os/as representantes socialistas dos Grupos Parlamentarios galego, español e europeo, o/a Secretario/a Xeral das XSG.



## CAPÍTULO V. COMISIÓN NACIONAL DE LISTAS

**Artigo 66.** A Comisión Nacional de Listas está composta polo Vicesecretario Xeral, a Secretaria de Organización, os/as catro Secretarios/as Provinciais e sete membros do Comité Nacional elixidos de entre os seus membros.

Naquelas cuestións que afecten ás súas respectivas circunscricións, serán oídos previamente a Secretaría Xeral de cada CEC e a Secretaría Xeral das XSG. No caso de que a Comisión Nacional de Listas o estime convinte poderá citar ao Secretario/a Xeral da Agrupación Municipal.

A Comisión Nacional de Listas emitirá ditame previo á aprobación definitiva por parte do Comité Nacional dos/as candidatos/as e candidaturas nos diferentes procesos electorais.

## CAPÍTULO VI. COMISIÓN NACIONAL DE ETICA

### Artigo 67.

**1.** O Congreso Nacional elixirá unha Comisión Nacional de Ética, a proposta da CENG. Dita Comisión estará integrada por tres membros e ante a que deberán efectuar a declaración pertinente todos os candidatos e candidatas do Partido nos diferentes procesos electorais. A Comisión elixirá un/ha Presidente/a.

A Comisión será competente para supervisar e controlar as situacións patrimoniais dos/as afiliados/as socialistas e as actividades económicas dos cargos públicos electos/as ou designados/as polo PSdeG-PSOE.

**2.** Serán facultades da Comisión:

- a) Elaborar o cuestionario que deberán cumprimentar os candidatos e candidatas do Partido.
- b) Requirir tanta información como sexa necesaria para o cumprimento da súa labor.
- c) Elevar á dirección do Partido calquera anomalía que poida detectarse.

**3.** Con carácter xeral todos os cargos públicos e institucionais do Partido deberán presentar, ao acceder e ao cesar do seu cargo, unha declaración de bens e actividades, así como, con carácter anual unha copia das correspondentes declaracións da renda e do patrimonio. O incumprimento da obriga de declarar poderá determinar a exclusión da lista.

Os cargos públicos do Partido e militantes do mesmo poderán acudir á Comisión cando foran difamados ou sexan obxecto de informacións tendenciosas sobre o seu patrimonio ou actividades, ao obxecto de que sexa a Comisión a que asuma a defensa da súa integridade e honestidade.

## CAPÍTULO VII. DECLARACIÓN DE BENS E ACTIVIDADES

**Artigo 68.** Todos/as os/as candidatos/as en listas do Partido deberán presentar unha declaración de bens e actividades con anterioridade á aprobación definitiva da lista polo órgano competente en cada ámbito. O incumprimento desta obriga poderá determina-la súa exclusión da lista.

A Comisión Nacional de Ética poderá en calquera momento requirir aos cargos públicos para que aporten información complementaria sobre a súa situación patrimonial ou sobre aquelas actividades económicas coas que teñan relación. O incumprimento desta obriga de aporta-los datos solicitados ou de colaborar coa Comisión constituirá unha falta disciplinaria e conlevará, previo apercibimento, a supresión temporal de militancia do/a afectado/a.



## CAPÍTULO VIII. EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS

**Artigo 69.** A Comisión Federal de Ética e Garantías é a encargada do cumprimento dos Estatutos e Regulamentos do Partido.

As decisións da Comisión Federal de Ética e Garantías, non admitirán recurso algún e expresaranse a través de resolucións, advertencias ou recomendacións.

As Comisións Executivas Municipais, Provinciais e a CENG son competentes para incoar expedientes disciplinarios, ben de oficio ou a instancia razoada de parte, de acordo co previsto no Regulamento Federal dos Afiliados e Afiliadas.

Os expedientes referidos a condutas constitutivas de falta leve, resolveranse pola CENG, e contra as resolucións caberá recurso ante a Comisión Federal de Ética e Garantías.

Nos supostos nos que por falta moi grave se solicite a sanción de expulsión, o Comité promotor do expediente remitirao á CEF para que resolva, previo informe da CENG a que fará chegar unha copia do expediente.

Os cargos públicos do Partido e militantes do mesmo poderán acudir á Comisión Federal de Ética e Garantías cando fosen difamados/as ou sexan obxecto de informacións tendenciosas sobre o seu patrimonio ou actividades, ao obxecto de que sexa a Comisión a que asuma a defensa da súa integridade e honestidade.

**Artigo 70.** A CENG poderá solicitar a suspensión de militancia, provisionalmente e de forma inmediata, á espera de resolución firme do expediente pola CEF, nos seguintes supostos:

- a) Integración oficial dun afiliado en listas, candidaturas ou propostas doutros Partidos ou Coalicións.
- b) Subscrición ou apoio de moción de censura en contra do acordo expresamente adoptado polos órganos directivos do Partido.
- c) Existencia de indicios suficientes dun feito, presuntamente, delictivo e doloso.
- d) Abandono, sen coñecemento previo dos Órganos de Dirección ou sen causa xustificada, cometidos de representación política do PSdeG.
- e) Incumprimento e/ou desacato das directrices e mandatos emanados dos órganos de dirección do Partido.
- f) Aqueloutros contemplados nestes Estatutos sobre a vulneración das obrigas como afiliado ou de manifestacións públicas que deteriorenen a imaxe da organización.

A resolución definitiva, nos casos anteriores, ditarase cando se confirme oficialmente no caso 1, cando se asine a moción de censura no suposto do apartado 2, cando se dite resolución xudicial condenatoria, firme e executoria relativa ao apartado 3 e cando resolva definitivamente a CEF ou os Órganos Nacionais competentes nos casos 4, 5 e 6.

## CAPÍTULO IX. CONFERENCIAS

**Artigo 71.** O Partido Socialista de Galicia poderá celebrar, entre Congresos, Conferencias para cuestións políticas e sectoriais de especial transcendencia, cunha orde do día específica, e nas que participarán, con voz e voto, os/as militantes en representación dos ámbitos orgánicos, territoriais e sectoriais do Partido.

O órgano convocante das Conferencias será o Comité Nacional a iniciativa propia ou a proposta da CENG. Na convocatoria determinarase o número de participantes, a súa distribución territorial e o obxecto da mesma.

A normativa aplicable para o desenvolvemento das Conferencias estará determinada pola súa propia convocatoria e, de forma supletoria, polo establecido no Regulamento de Congresos.

## TÍTULO V. ADMINISTRACIÓN E PATRIMONIO DO PARTIDO

### CAPÍTULO I. DOS PODERES

**Artigo 72.** A CENG será a encargada de outorgar cantos poderes sexan precisos para o correcto funcionamento e xestión no ámbito da administración e finanzas do Partido.

En ditos poderes, haberán de sinalarse detalladamente as facultades que se outorgan, de tal forma que permitan un adecuado funcionamento ordinario.

### CAPÍTULO II. DO PATRIMONIO DO PARTIDO

**Artigo 73.** Co fin de establecer un adecuado control en materia de administración do patrimonio, a titularidade corresponde ao Partido, será requisito inescusable para a formación de operacións de compra, venta, pignoración ou hipoteca dos bens, o previo acordo expreso da CENG, que contará cun apoderamento para cada actuación concreta.

O patrimonio do PSdeG-PSOE está constituído polos bens e dereitos de calquera clase, adquiridos por calquera título legal e indivisible. A expulsión ou dimisión dos militantes ou a disolución das Agrupacións Municipais ou Comarcais non conleva ningún dereito a cotas de división do patrimonio que sempre é de exclusiva titularidade do PSdeG-PSOE.

Son recursos económicos do Partido as cotas e aportacións económicas dos/as militantes, os rendementos do seu patrimonio, o produto das actividades do Partido, as doazóns, legados e subvencións que reciba e os créditos que concerte.

Os xornais e revistas así como outros medios de comunicación social que sexan propiedade do Partido, dependerán política e administrativamente, dos órganos de dirección nacionais.

Todo o patrimonio do Partido será de exclusiva titularidade do PSdeG-PSOE e, en ningún caso, permitirase que aquel ou parte daquel estea baixo nome de persoa ou persoas particulares, aínda que sexan membros dos órganos de dirección. En caso de disolución do PSdeG-PSOE os seus bens, dereitos e obrigacións pasarán ao PSOE.

### CAPÍTULO III. ELABORACIÓN DOS PRESUPOSTOS

**Artigo 74.** É competencia da CENG aprobar o proxecto de presuposto do Partido, que se someterá o Comité Nacional para a súa definitiva aprobación.

A CENG, aprobará os presupostos para as eleccións (presupostos de campaña) sempre que os mesmos sexan de ámbito nacional galego.

### CAPÍTULO IV. FINANCIACIÓN, GASTO E CONTABILIDADE

**Artigo 75.** A CENG ditará as normas de obrigado cumprimento en materia de administración, financiamento e contabilidade das distintas instancias do Partido, dándose cumprido coñecemento das mesmas ao Comité Nacional.

Todas as contas bancarias dos diferentes órganos territoriais do partido estarán baixo o control e fiscalización da CENG.

A CENG poderá recabar informes e ditames non vinculantes sobre aspectos concretos das contas do Partido no seu conxunto ou da contabilidade dalgún órgano en concreto.

Así mesmo poderanse solicitar auditorías externas, cando así se considere necesario, para un detallado coñecemento das contas de que se trata.

A CENG, si as circunstancias así o requiren, poderá intervir nas contas de calquera órgano do Partido sen prexuízo das responsabilidades nas que puideran haber incorrido os seus responsables.

## CAPÍTULO V. COTAS

**Artigo 76.** A CENG asegura o seguimento e control da afiliación do Partido e das contribucións dos cargos públicos e institucionais.

A cota de afiliación será fixada anualmente polo Comité Federal.

As Agrupacións Municipais, por acordo da súa Asemblea e coa autorización da CEF, poderán devolver unha parte das cotas dos militantes, correspondentes a estas, aos compañeirese compañeiras pensionistas e xubilados/as que polas súas especiais condicións económicas, así o soliciten de xeito razoado, motivado e xustificado.

A CENG poderá propoñer cotas extraordinarias para a súa aprobación polo CNG.

A CENG poderá propoñer ao Comité Nacional para a súa aprobación, unha cota especial para os cargos de representación do Partido ou asimilados, así como a norma para fixar a cuantía e os mecanismos de revisión da mesma.

## TÍTULO VI. PROCEDIMENTOS ELECTORAIS

**Artigo 77.** A elaboración das listas dos candidatos e candidatas ás eleccións legislativas, locais, autonómicas e diversos cargos públicos en nome do PSdeG ás institucións, basearase nos seguintes principios:

- a) A igualdade de todos os afiliados e afiliadas para acceder aos cargos públicos dependentes do Partido.
- b) A representatividade e proxección social dos candidatos e candidatas.
- c) Principio do mérito que asegure a selección dos compañeiros e compañeiras máis capacitados/as.
- d) A renovación periódica e gradual no exercicio das funcións públicas, evitando a acumulación de cargos tanto orgánicos como institucionais.
- e) Cumprimento do principio de democracia paritaria e promoción da mocidade.

**Artigo 78.** As Comisións de Listas dispoñerán dunha ampla información sobre a traxectoria persoal, profesional e política dos candidatos e candidatas e establecerán mecanismos de valoración obxectiva dos méritos.

A fin de potenciar a participación dos militantes do Partido e rentabilizar ao máximo o seu traballo político nas institucións, evitarase a acumulación de cargos públicos e orgánicos nunha mesma persoa.

Os afiliados e afiliadas do PSdeG-PSOE non poderán desempeñar simultaneamente máis dun cargo institucional de elección directa. Non se terá en conta a este respecto aqueles outros cargos inherentes ou derivados do principal.

## TÍTULO VII. CARGOS PÚBLICOS DO PARTIDO

**Artigo 79.** A designación dos membros do Partido, candidatos a cargos de representación pública levarase a cabo de conformidade co Regulamento de Selección de Cargos Públicos.

A designación corresponderá ao CNG a proposta da CENG, previo informe da Comisión Nacional de Listas.

En cada circunscrición, crearanse Oficinas Parlamentarias de Relacións coa Sociedade, formado por parlamentarios europeos, nacionais e autonómicos, en colaboración coas correspondentes áreas organizativas e institucionais, coa fin de potenciar o diálogo social e a conexión dos Parlamentarios cos movementos sociais e cidadáns da súa circunscrición.

Os/as Deputados/as e Senadores/as darán conta da súa xestión nos órganos da súa circunscrición nos que fosen requiridos para elo.

Os/as Deputados/as e Senadores/as do PSdeG no Parlamento Español en asuntos específicos de Galicia acatarán acordos do Comité Nacional Galego e da Comisión Executiva Nacional Galega.

Para os membros do Partido elixidos noutros ámbitos de actividade política ou que ocupen altos cargos na administración, seguiranse os criterios establecidos para os parlamentarios, tanto no terreo político como no económico.

**Artigo 80.** Os afiliados/as do Partido que ocupen cargos públicos ou institucionais, en representación deste, estarán obrigados a facer unha aportación económica mensual en función dos criterios establecidos polo CNG.

A asignación e emolumentos que perciban os membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, Deputados, Senadores e Deputados Provinciais, ingresaranse no Partido segundo os criterios marcados pola CENG do PSdeG.

O CNG, a proposta da CENG, fixará as cotas que deberán aboar ao Partido os Cargos Públicos e Institucionais, así como os órganos territoriais que se beneficiarán de ditos ingresos.

## TÍTULO VIII. GRUPO PARLAMENTARIO DO PSdeG

**Artigo 81.** O Grupo Parlamentario do Partido dos Socialistas de Galicia é o soporte parlamentario permanente do Goberno cando estea presidido polos socialistas, e debe explicar suficiente e fondamente á sociedade as reformas realizadas dende as institucións administradas polos socialistas.

O Grupo Parlamentario do PSdeG renderá xestión, ante o Comité Nacional Galego e por conducto da CENG.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia está constituído por todos os candidatos e candidatas do mesmo, elixidos nas eleccións ao Parlamento de Galicia. Todos os cargos públicos en representación do Partido que estean remunerados por tal responsabilidade, ingresarán na CENG o importe dos honorarios que se fixen regulamentariamente.

Os membros do Grupo Parlamentario do PSdeG asumen e están obrigados a acatar a declaración de principios, programas e resolucións aprobadas no Congreso Nacional do Partido, así como as directrices emanadas dos órganos de dirección do Partido, da CENG e do CNG.

A efectos orgánicos, os membros do Grupo Parlamentario Socialista continuarán vencellados ás súas unidades orgánicas, aínda cando dependan do CNG e no seu defecto, da CENG respecto da súa actividade no Parlamento.

Todos os membros do Grupo Parlamentario do PSdeG aceptan o compromiso de presentar a súa dimisión ao Presidente do Parlamento de Galicia se unha vez elixidos causan baixa no PSdeG-PSOE por calquera circunstancia.

Os membros do Grupo Parlamentario están suxeitos á unidade de actuación e disciplina de voto. Senón a respectasen, o Grupo Parlamentario e a CENG poderán denunciar a súa conduta ante o CNG.

Aqueles parlamentarios e parlamentarias que non estean afiliados ao PSdeG, pero que desexen adscribirse no Grupo Parlamentario do PSdeG, poden facelo sempre que acepten o establecido nestes Estatutos previa proposta do Presidente do Grupo que aprobe a CENG e sexa tratada polo CNG e, sometido á ratificación do mesmo. En ningún caso poderán representar ao Grupo Parlamentario do PSdeG.

O Grupo Parlamentario Socialista elixirá de entre os seus membros un/ha Portavoz, un/ha Presidente/a e un/ha Secretario/a, así coma os membros da Permanente que fixe o seu respectivo Regulamento de Funcionamento, previa proposta da CENG.



## TÍTULO IX. XUVENTUDES SOCIALISTAS DE GALICIA

**Artigo 82.** As Xuventudes Socialistas de Galicia constitúen a Organización Xuvenil do PSdeG e, polo tanto os seus órganos de dirección coma os seus militantes están obrigados a aceptar e cumprir o programa, a opción estratéxica global e os principios ideolóxicos aprobados nos seus Congresos e os acordos adoptados polo CNG e pola CENG.

O límite de militancia será ata os 30 anos.

Os e as militantes de Xuventudes Socialistas que militan ao mesmo tempo no PSdeG teñen todos os dereitos e deberes que figuran nos Estatutos.

As Comisións Executivas Municipais impulsarán a incorporación ás XSG dos afiliados e afiliadas menores de 25 anos.

As XSG teñen autonomía na súa Organización de base concretada na súa posibilidade de celebrar os seus Congresos e da elección de órganos de dirección a todos os niveis, se ben as súas resolucións terán que ser refrendadas polos órganos de dirección do PSdeG, a fin de que non existan contradicións.

As XSG terán representación nos órganos executivos do Partido por medio do/a Secretario/a Xeral do ámbito correspondente con voz e voto. Os militantes ás XSG poderán asistir ás Asembleas das Agrupacións Municipais do PSdeG con voz pero sen voto.

O PSdeG-PSOE plantexarase como obxectivo incorporar á mocidade ás institucións públicas galegas froito dun compromiso de pacto interxeneracional (Concellos, Deputacións, Parlamento Galego e Xunta de Galicia).

As Comisións Executivas Municipais do Partido impulsarán a creación de Agrupacións Municipais de XSG. A CENG informará semestralmente ás XSG das altas de mozos e mozas no PSdeG nas diferentes localidades co fin de que as mocidades do Partido procedan á constitución formal da respectiva agrupación municipal das XSG.

O PSdeG-PSOE debe prestar un apoio decidido e colaboración con organizacións estudantís afíns ao Partido, en especial aquelas ligadas ás XSG, como é o caso da IESGA e fomentará a creación e fortalecemento dunha organización estudiantil con espazo propio na comunidade educativa galega, autónoma no seu funcionamento pero fundamentalmente comprometida co proxecto socialista para recuperar un espazo na Universidade e no ensino en xeral.

As XSG, en coordinación co PSdeG terán a tarefa da elaboración da política socialista para a mocidade. A tal efecto, crease unha Comisión de Xuventude formada por membros das respectivas Executivas Nacionais, de xeito paritario, co fin de avalialas necesidades da mocidade e as respostas a dar nos diferentes foros ou institucións.

O PSdeG colaborará de forma regular, económica e politicamente, coas XSG, e incorporará unha partida económica no seus presupostos a tal fin.

Como organización xuvenil do PSdeG-PSOE, poderán utilizar para o desenvolvemento da súa actividade, os medios materiais dos que dispoña o Partido, previa autorización da CENG, e/ou outras direccións políticas nos diferentes ámbitos territoriais e orgánicos.

A participación das XSG, con voz e voto nos Congresos e Conferencias do Partido a nivel nacional e provincial determinarase en base ao seu censo regularizado segundo o procedemento establecido para o censo do Partido e baixo a supervisión da Secretaría de Organización, utilizando o mesmo baremo que o aplicado para o resto do Partido.

As secretarías de Organización do PSdeG e das XSG emitirá a oportuna certificación de cada ámbito territorial.. En todo caso a representación das XSG será, como mínimo, do 2% e como máximo do 5% dos representantes en ditos Congresos ou Conferencias.



## DISPOSICIÓN ADICIONAIS, TRANSITORIAS E FINAIS

### DISPOSICIONS ADICIONAIS

**Disposición Adicional Primeira.** Os Estatutos do PSdeG axustaranse a todos os efectos aos Estatutos Federais agás nos feitos particulares e diferenciais derivados da realidade nacional galega.

O Comité Nacional queda facultado para incorporar, no seu caso, as correccións ou emendas que, por razóns estatutarias, considere o CF.

**Disposición Adicional Segunda.** Unha vez constituído o Congreso e elixida a Mesa, procederase á elección da Comisión Electoral.

#### Procedemento para a elección da CENG

##### 1. Requisitos para ser candidato/a:

Os militantes que desexen presentar a candidatura á Secretaría Xeral deberán reunir os requisitos estatutariamente esixidos e obter entre un mínimo do 20 % e un máximo do 30% dos avais dos delegados e delegadas ao Congreso. A este respecto os/as delegados/as só poderán avaliar a un candidato/a.

##### 2. Requisito da candidatura:

Unha vez reunidos os requisitos sinalados anteriormente, os candidatos e candidatas presentarán a súa candidatura ante a Comisión Electoral.

Esta elaborará un ditame no que se consignará a relación de candidatos/as presentados. Dito ditame se remitirá á Mesa do Congreso que dará conta ao Plenario, procedéndose á proclamación dos candidatos/as.

Posteriormente, a Mesa do Congreso determinará un prazo de tempo para que os candidatos/as podan dirixirse ao Plenario, establecéndose a orde de intervencións por sorteo.

##### 3. Votación

Concluídos os trámites anteriores se procederá á elección polos delegados e delegadas a través de votación individual e secreta entre os/as candidatos/as concorrentes.

A candidatura que obteña a maioría simple de votos emitidos, elaborará e remitirá á Comisión de Estatutos unha proposta de estrutura da CENG, a fin de que por esta se emita o correspondente ditame, para súa posterior aprobación en Pleno.

Concluído o trámite anterior, se someterá a votación, individual e secreta, dos delegados/as a candidatura da CENG en lista completa, cerrada e bloqueada.

Esta votación se realizará coas correspondentes aos demais Órganos Nacionais.

**Disposición Adicional Terceira.** Os e as militantes, ademais das incompatibilidades específicas entre cargos e funcións que se establecen nestes Estatutos, non poderán desempeñar simultaneamente máis de dous cargos orgánicos executivos, salvo que sexan inherentes ou derivados do cargo ou función principal.

A excepcionalidade a este principio aprobarase pola CENG, a proposta dos órganos correspondentes en cada nivel territorial.

**Disposición Adicional Cuarta.** Os baremos establecidos nestes Estatutos e na súa normativa de desenvolvemento para a participación e representación das Organizacións Sectoriais e das XSG nos diferentes ámbitos territoriais non poderán ser modificados.

## DISPOSICIONS TRANSITORIAS

### Disposición Transitoria Primeira.

1. En cumprimento do mandato do 37º Congreso Federal, artigos 14, 21 e Disposición Transitoria Segunda dos Estatutos Federais, unha vez celebradas as eleccións autonómicas iniciárase o proceso de reestruturación territorial e orgánica do PSdeG.
2. Este proceso de creación de agrupacións provinciais e coordinadoras comarcais iniciárase polos órganos nacionais galegos e coordinación cos órganos federais.
3. Durante este tempo os actuais órganos comarcais seguirán en funcións, prorrogando o seu mandato, e os provinciais rexeranse polo establecido nos estatutos vixentes.

**Disposición Transitoria Segunda.** O Congreso Nacional mandata ao CNG, para que unha vez rematado o proceso electoral autonómico e, a proposta da CENG, inicie un proceso de adaptación da estrutura orgánico-territorial do PSdeG, de acordo co establecido no 37º Congreso Federal sobre a creación dunha estrutura provincial no PSdeG, que terá as mesmas competencias que as estruturas provinciais xa existentes no resto das federacións socialistas.

**Disposición Transitoria Terceira.** Previo acordo favorable da Comisión Executiva Federal, naqueles concellos que en aplicación da Lei de Bases do Réxime Local procedan á constitución de Distritos, a Comisión Executiva Nacional Galega poderá crear Agrupacións de Distrito.

A estrutura municipal do PSdeG-PSOE será a seguinte:

- a) Unha Agrupación Municipal en todos os concellos.
- b) Naquelas localidades onde existan Agrupacións de Distrito, estas integrarán a Agrupación Municipal.

Os órganos da Agrupación Municipal con Agrupacións de Distrito son a Comisión Executiva Municipal, o Comité Municipal e a Asemblea de Delegados e Delegadas. Neste caso os órganos das Agrupacións de Distrito son a Asemblea e a Comisión Executiva de Distrito.

**Disposición Transitoria Cuarta.** O procedemento e período de renovación dos Órganos do Partido nos diferentes niveis será regulado pola CENG, de acordo co previsto nos presentes Estatutos do PSdeG-PSOE.

## DISPOSICIONS FINAIS

**Disposición Final Primeira.** A CENG tendo en conta criterios xeográficos de proximidade, extensión, de afiliación, implantación orgánica, socioeconómicos, interrelación administrativa ou outros de afinidade entre Municipios, adaptará a actual distribución comarcal á nova estrutura orgánico-territorial. Esta proposta será ratificada polo CNG.

Ata ese momento a distribución territorial Comarcal do PSdeG será:

## PROVINCIA DE A CORUÑA

### BARBANZA

Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Pobra do Caramiñal, Outes, Padrón, Porto do Son, Rianxo e Ribeira.

### BERGANTIÑOS

Cabana, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica e Ponteceso.

### COMPOSTELA

A Baña, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, Ordes, Oroso, Pino, O, Rois, Santa Comba, Santiago, Teo, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

### A CORUÑA

A Coruña, Arteixo, Cambre, Carral, Cerceda, Culleredo, Oleiros e Sada.

### COSTA ATLÁNTICA

Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas.

### FERROL

A Capela, As Pontes, Ares, Cabanas, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume, San Sadurniño, Somozas e Valdoviño.

### INTERIOR CORUÑÉS

Arzúa, Boimorto, Frades, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar.

### MARIÑAS BETANCEIRAS

Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Monfero, Oza dos Ríos, Paderne e Vilarmaior.

### ORTEGAL

Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón, Moeche e Ortigueira.

## PROVINCIA DE LUGO

### LEMOS

Bóveda, Folgoso do Caurel, Monforte, O Saviñao, Pantón, Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil e Sober.

### LUGO

Baralla, Castroverde, Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei e Portomarín.

### MARIÑA LUGUESA

A Pontenova, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Mondoñedo, O Valadouro, O Vicedo, Oural, Ribadeo, Riotorto, Trabada, Vilanova de Lourenzá, Viveiro e Xove.

### MONTAÑA LUGUESA

A Fonsagrada, As Nogais, Baleira, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Pedrafita, Ribeira de Piquín e Triacastela.

### SARRIA

Láncara, O Incio, O Páramo, Paradela, Samos, e Sarria.

### SUROESTE LUGUÉS

Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei e Taboada.

### TERRA CHA

Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, Muras, Pastoriza, Pol, Rábade, Vilalba e Xermade.

## PROVINCIA DE OURENSE

### BANDE

Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muiños e Vereá.

### CARBALLIÑO-RIBEIRO

Arnoia, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avía, Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Irixe, Leiro, Maside, Melón, Piñor, Punxín, Ribadavia, San Amaro e San Cristobo de Cea.

### CELANOVA

A Bola, A Merca, Cartelle, Celanova, Cortegada, Gome sende, Padrenda, Pontede va, Quintela de Leirado e Ramirás.

### A LIMIA

Baltar, Blancos, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.

### OURENSE

A Peroxa, Allariz, Amoeiro, Baños de Molgas, Barbadás, Coles, Esgos, Maceda, Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne, Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén, Vilamarín, Xunqueira de Ambía e Xunqueira Espadañedo.

### TRIVES-CALDELAS

Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Manzaneda, Montederramo, Parada de Sil, Pobra de Trives, San Xoán de Río, Teixeira e Vilariño de Conso.

### VALDEORRAS

A Rúa, A Veiga, Carballeda, Larouco, O Barco, O Bolo, Petín, Rubiá, Viana do Bolo e Vilamartín.

### VERÍN

A Gudiña, A Mezquita, Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Ríos, Verín e Vilardevós.

## PROVINCIA DE PONTEVEDRA

### AROUSA

A Illa de Arousa, Cambados, Catoira, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía e Vilanova.

### BAIXO MIÑO-PORRIÑO

A Guarda, O Porriño, O Rosal, Oia, Salceda de Caselas, Tomiño e Tui.

### CONDADO-PARADANTA

A Cañiza, As Neves, Arbo, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontearreas e Salvaterra de Miño.

### DEZA

Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

### MORRAZO

Bueu, Cangas, Marín, Moaña e Vilaboa.

### PONTEVEDRA

A Lama, Cerdedo, Cotobade, Forcarei, Fornelos de Montes, Pontecaldelas, Poio, Pontevedra e Soutomaior.

### ULLA-UMIA

A Estrada, Barro, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cuntis, Moraña, Pontecesures, Portas e Valga.

### VIGO

Baiona, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Redondela e Vigo.

**Disposición Final Segunda.** Os presentes Estatutos foron modificados polas resolucións do 11 Congreso Nacional do PSdeG-PSOE celebrado en Santiago os días 25, 26 e 27 de xullo de 2008

**Disposición Final Terceira.** Os presentes Estatutos estarán desenvolvidos polas seguintes normas e regulamentos:

- Regulamento Nacional de Congresos.
- Regulamento do Comité Nacional Galego
- Regulamento de Funcionamento da Comisión Executiva Nacional Galega
- Regulamento de Asembleas e dos afiliados e afiliadas
- Normativa da Estructura e Funcionamento Xeral do Partido.
- Normativa Reguladora dos Cargos Públicos.

Ante carencia ou omisión normativa dos presentes Estatutos resultarán de aplicación os Estatutos e Regulamentos Federais vixentes.



25, 26 e 27 | xullo | 08



a forza de  
**Galicia**

